

HISTORIA E CULTURA DO POBO XITANO

EXPOSICIÓN



PRESENTACIÓN2



01 ORIXE DOS XITANOS 3



02 ITINERARIO. DESDE A ÍNDIA Á PENÍNSULA IBÈRICA 4



03 EXPULSIÓN DOS DIFERENTES 5



04 ÓRDES, CÉDULAS, PROVISIÓNS, DISPOSICIÓNS E PRAGMÁTICAS 6



05 DOCUMENTOS CONTRA OS XITANOS EN ESPAÑA 7



06 A GRAN REDADA OU PRISIÓN XERAL DE XITANOS 8



07 DESDE A ÚLTIMA PRAGMÁTICA Á II REPÚBLICA 9



08 GUERRA CIVIL. RÉXIME FRANQUISTA10



09 PORRAIMOS. SAMUDARIPEN11



10 FIN DO PERCORRIDO HISTÓRICO12



11 A CONSTRUCIÓN DOS PREXUÍZOS E ESTEREOTIPOS13



12 CULTURA, IDIOMA, O FLAMENCO COMO TRAZO CULTURAL 14



13 EDUCACIÓN E POBO XITANO 15



14 SITUACIÓN XERAL DA POBOACIÓN XITANA ESPAÑOLA ESPAÑOLA 16



15 XITANOS HOXE. A XUVENTUDE. ASOCIACIONISMO E MILITANCIA POLÍTICA 17



16 MULLERES XITANAS 18



17 DIVERSIDADE CULTURAL, INTERCULTURALIDADE E CONVIVENCIA19



18 TEMPOS ACTUAIS: ENTRE SOBRESALTOS RACISTAS E NORMATIVAS ESPERANZADORAS 20



HISTORIA E CULTURA DO POBO XITANO

PRESENTACIÓN

A Asociación de Ensinantes con Xitanos propón un percorrido pola historia do Pobo Xitano. Para estimular e motivar *unha mirada limpa e respectuosa* sobre as cidadás e os cidadáns xitanos.

A exposición nace coa intención de achegar ao alumnado do sistema educativo e á cidadanía en xeral, a información real e documentada da historia do Pobo xitano, esa historia que nunca aparece nos libros de texto.



A exposición ten dúas partes:

Nesta *primeira* resumimos **1.000 anos en 10 paneis**, cunha información abreviada dos feitos máis relevantes que sufriron no seu longo camiño desde o Punyab (India-Paquistán) ata a península Ibérica. Esta parte histórica é un relato cronográfico baseado sempre na documentación atopada e contrastada polas e polos historiadores.

Na *segunda* parte haberá **8 paneis** descriptivos *da situación actual* das xitanas e xitanos españois. A parte de cultura está baseada na palabra e os discursos dos propios xitanos e xitanas. Tamén se exporán aspectos como a construción dos prexuízos e estereotipos sobre as xitanas e os xitanos españois, a situación educativa do alumnado xitano, o asociacionismo, a militancia política, etc.



Sabemos que o seu descoñecemento axuda a reforzar os prexuízos e estereotipos que se ten dos nosos concidadáns xitanos, ademais da desigualdade que se consolida ao non estar incluída a historia e cultura xitana nos contidos curriculares.



OS TEMPOS CAMBIARON

Os tempos cambiaron, pasando dunha cultura ágrafa a unha cultura na que a historia das xitanas e os xitanos españois a están a escribir elas e eles mesmos, algúns desde o mesmo Congreso dos Deputados, onde xa teñen voz propia, desde o movemento asociativo xitano ou desde o Instituto de Cultura Xitana, pertencente ao Ministerio de Cultura e Deporte, cuxos obxectivos son o desenvolvemento e a promoción da historia, a cultura e a lingua xitana.

A exposición terá un dossier informativo para toda persoa que a visite e unha guía didáctica para que sexa traballada e reflexionada polo profesorado e alumnado.



A documentación histórica e gráfica foi recompilada e ordenada por **Jesús Salinas**. Posteriormente foi resumida e perfeccionada por outras persoas tamén integrantes da **Asociación de Ensinantes con Xitanos** e coordinada por **Federico Pablos** desde a Secretaría da entidade.

A tradución e impresión *desta copia ao Galego* foi posible grazas á colaboración da Fundación "la Caixa".

Esta copia será dinamizada en colaboración de:



1 ORIXE DOS XITANOS

ORIXE

Máis que na certeza da orixe, os estudosos e estudosas coinciden que o punto de partida do pobo xitano é a India e que saíron en diversas vagas, **hai máis de mil anos.**

A súa orixe xeográfica, coinciden moitos expertos, é a rexión de **Sind** e a rexión de **Punjab** (ámbalas dúas contiguas e entrada ao subcontinente indio de moitas invasións estranxeiras) na antiga India; hoxe maioritariamente forman parte de Paquistán e son atravesadas polo río **Indo**.



Foron os lingüistas os que descubriron a súa procedencia, xa que a lingua que falan os xitanos, a **lingua Romani**, é unha lingua da familia indoeuropea e o seu vocabulario e gramática están estreitamente relacionados con algunhas das linguas vivas actuais da India, como son o **hindí**, o **panxabí**, o **guraxatí**, o **raxastaní** e, especialmente, o **sadrí**.

A achega máis recente e documentada da orixe dos xitanos chéganos da man do profesor e xitano **Marcel Courthiade**. El e outros investigadores propoñen que unha das orixes dos xitanos é a **cidade de Kannaj**, que está preto de Kanpuren, India do norte. Baséanse, fundamentalmente, no texto de **Al'Yuthique**: **o 21 de decembro de 1010, Mahmud de Ghazni (Mahmud de Ghazna) invade a cidade de Kannanj e captura a toda a poboación: 53.000 habitantes "ricos e pobres, louros e negros" que levará a Ghazni (actual Afganistán). Desde alí empezarán a súa viaxe por Asia e Europa.**



De alí puideron saír en sucesivos éxodos debido ás diversas invasións:

- Nos séculos V e VI d.C., a invasión da India por parte dos chamados **hunos brancos**.
- A comezos do **século XI** a invasión dos **árabes** da rexión de **Sind**.
- No **século XIII** os **turcos seliúcidas**, ademais da expansión do **mongol Genghis Khan** (1162-1227).
- Finais do **século XIV** e comezos do **século XV** baixo o réxime do turco mongol **Tamerlan Khan** (1336-1405), pénsase que foi o éxodo xitano máis numeroso.
- Unha vaga máis próxima, e que chegaría á península ibérica, sería **a partir de 1856**, cando os xitanos escravos de **Valaquia e Moldavia**, actual Romanía, foron liberados da súa escravitude.



OS XITANOS, O POBO ROM, UN POBO VIAXEIRO

O **Pobo Rom**, o **Pobo dos Homes Libres** (que é o significado de Rom na lingua xitana) foi un **pobo viaxeiro**. Desde a súa saída de India e tamén na actualidade, está espallado por todo o mundo; algúns seguen en continua viaxe, outros en traslados non moi longos cun domicilio fixo e outros moitos sedentarizados. Porén, todos seguen a ser, dalgunha maneira, viaxeiros. Entendida esta viaxe como un xeito de concibir a vida e de organizar os valores da súa existencia, un sinal de identidade. O viaxeiro é aquel que non ten ataduras materiais, que pode desprazarse sempre que o desexe e lle sexa útil ou necesario. O itinerante, como o xitano, é viaxeiro, aínda cando non viaxe. Incluso parados seguen a ser viaxeiros.

O **sentirse viaxeiro** é máis un estado anímico que un estado de feito. A súa existencia e a súa importancia son máis de orde psicolóxica e sentimental que de orde xeográfica. O viaxeiro que perde a esperanza e a posibilidade de volver a partir, perde tamén toda razón de vivir, como afirma **Jean Pierre Liégeois**.



2 ITINERARIO

DESDE A INDIA Á PENÍNSULA IBÉRICA. PRIMEIRA RECEPCIÓN. SALVOCONDUTO.

CHEGADA A EUROPA OCCIDENTAL



CHEGADA Á PENÍNSULA IBÉRICA. ACOLLIDA

Durante o **Século XV** a chegada dos xitanos á península ibérica comezou cun bo recibimento. Moitos historiadores chámanla a **etapa de Acollida**. Os xitanos entran en España como grupos de peregrinos que van aos lugares santos a purgar a súa apostasía. **Alfonso V de Aragón** (12 de xaneiro de 1425) dálles un salvoconduto para viaxaren polos seus dominios durante tres meses. O 9 de xuño de 1447 aparecen en Barcelona e **Juan II de Castela** proporciónalles un **salvoconduto** en 1460. Os “Condes” e “Duques” dos que se teñen novas por documentos son:

- Don Juan de Exipto Menor (12 de xaneiro de 1425)
- Don Tomás, Conde de Exipto Menor (8 de maio de 1425)
- El Duque Andrés e o Conde Pedro (9 de xuño de 1447)
- Xacobe de Exipto Menor (14 de marzo de 1460)
- Don Martín e don Tomás (aprox. 1460)
- Duque Pablo da Pequena Exipto (28 de xuño de 1471)
- Conde xitano que visita Madrid (21 de maio de 1484)
- Condes de Exipto Menor, Don Luís e don Felipe (29 de maio de 1484)

Cada un destes condes ou duques ía acompañado de entre vinte e cinco e cen persoas, o que fai supor que non serían máis de seiscentos xitanos e xitanas os que chegaron a España. Tiñan unha gran mobilidade e causaban na poboación gran asombro e expectación polas súas vestimentas e comportamentos e tamén unha boa acollida por partes dos reis e nobres que lles proporcionaron salvocondutos, donativos e comida para eles e os seus animais, como era costume coas persoas peregrinas.

AOS XITANOS ROUBÁRONLLES!

Catro meses máis tarde amplía o salvoconduto do rei **Alfonso V de Aragón** para que circule libremente por todo o seu reino e dirixese á Xustiza de Aragón para que faga as dilixencias necesarias para que a **“D. Thomas de Exipto** lle sexan devoltos dous cans de gran valor que lle foran roubados polos aragoneses”.

FEITOS DO CONDESTABLE D. MIGUEL LUCAS DE IRANZO

“A vinte e dous días do mes de novembro deste ano (1462) chegaron á cidade de Xaén dous condes da pequena Exipto, que se chamaba o un don Tomás e o outros don Martín, con ata cen persoas entre homes, mulleres e nenos, os seus naturais e vasallos... Andaban facendo penitencia... E quince ou vinte días que estiveron con el...; e ao tempo que quixeron partir, mandoulles dar da súa cámara moitas sedas e panos, para que se vestisen, e bo abastecemento de riquezas para o seu camiño. E saíu con eles ata media legua fóra da cidade de Xaén, de tal xeito que os ditos condes partiron moi ledos e pagados, loándose e marabillándose moito da súa gran liberalidade e franqueza.”

Feitos do Condestable D. Miguel Lucas de Iranzo. Crónica do século XV.



A Xitana”, gravado de Jacques Callot, 1630

As primeiras novas escritas sobre xitanos en Europa occidental comezan en Grecia:

- **1.100** Monxe do **Monte Athos** fala dos “atsinganos”.
- **1.322** Dous frades de **Creta** describen a un estraño grupo nómade.
- **1.350** Colonias de cingaros en **Modon** (Grecia-Peloponeso). Ferreiros e zapateiros traballan preto do monte Gype e do poboado chamado Pequeno Exipto. Hai moitas rexións de Asia Menor ou de Grecia chamadas Pequeno Exipto debido ao verdor e a fertilidade (de aquí a confusión de que eran de Exipto).
- En **1.370** existen dous documentos que xa falan da escravitude dos xitanos en Valaquia e Moldavia (**Romanía**).
- A partir de **1.415** atópanse numerosos documentos que describen a chegada e presenza en todos os países de Europa dos xitanos, que se estenden rapidamente en grupos de entre 25 e 125 persoas ao mando de xefes que se fan chamar condes, duques ou voivodas, provistos de salvocondutos e cartas de Reis e Emperadores. Viaxaban como penitentes, peregrinando a lugares santos e espertaban curiosidade e bo recibimento dalgúns nobres en receo dos campesiños pola súa falta de respecto á propiedade allea.
- Ata **1856** os xitanos foron escravos en **Valaquia e Moldavia**, as dúas rexións que, con Transilvania, forman a actual Romanía.

Anuncio de venda de escravos xitanos.

“Véndense escravos xitanos o oito de maio de 1852, que consisten en dezaoto homes, dez mozos, sete mulleres e tres mozas”.




PRIMEIROS DOCUMENTOS SOBRE OS XITANOS

O primeiro documento sobre os xitanos no Reino de Aragón (aínda non se unificaran os diversos reinos para convertérense na idea de España) foi un salvoconduto que concedeu o Rei **Alfonso V de Aragón** a Don **Juan** de Exipto Menor, en **Zaragoza**, o 12 de xaneiro de 1425:

O Rei Alfonso...


... Como o noso amado e devoto don Juan de Exipto Menor, que co noso permiso ía a diversas partes, entende que debe pasar por algunhas partes dos nosos reinos e terras, e queremos que sexa ben tratado e acollido, a vosoutros e cada un de vosoutros dicémosvos e mandamos expresamente e desde certo coñecemento, baixo pena da nosa ira e indignación, que o mencionado don Juan de Exipto e os que con el íran e o acompañarán, con todas as súas cabalgaduras, roupas, bens, ouro, prata, alforxas e calquera outra cousa que leven consigo, sexan deixados ir, estar e pasar por calquera cidade, vila, lugar e outras partes do noso señorío a salvo e con seguridade sendo apartadas toda contradición, impedimento ou contraste.




Provedo e dando a aqueles pasaxes seguros e sendo conducidos cando o mencionado don Juan o requira a través do presente salvoconduto noso, o cal queremos que leve durante tres meses do día da presente contando cara adiante...

CARTAS DE SEGURO

■ **Salvoconduto dos Reis Católicos a don Xacobe Conde de Exipto A Menor** e aos que van na súa compañía. Dada o 22 setembro de 1480 en Medina do Campo. Arquivo Xeral de Simancas. Rexistro Xeral do Selo IX 1480 fol. 152. Papel, letra cortesá. Copia de rexistro realizada por Bernard Leblon.



■ **Salvoconduto do Rei Fernando O Católico ao Conde Xacobe de Exipto Menor** e os que van na súa compañía. Dada en marzo de 1491 en Sevilla.



Don Fernando... Aos Duques, prelados, condes...

... suplicándome que, para andar polos meus Reinos e señoríos, libres e seguros, e cumprir coa dita penitencia, romaría, e outras onde entenden ir, lles mandase a miña Carta de Seguro, mandándolles acoller a tratar ben e amigablemente en todas as cidades, vilas e lugares dos meus Reinos e señoríos onde se acheguen, e que das roupas, bestas e outras cousas que levasen non lles sexan pedidas nin aduana nin roda, nin castelería, nin outro dereito algún...

3 EXPULSIÓN DOS DIFERENTES

XUDEUS, MUSULMÁNS E XITANOS A PRIMEIRA LEI CONTRA OS XITANOS EN ESPAÑA

XUDEUS

Entre os séculos VIII e XV non existía tolerancia nin convivencia entre as sociedades cristiás, xudías e musulmás que habitaban os diversos reinos da península ibérica.

Miles de xudeus foron **asasinados e acabaron ardendo en fogueiras entre 1348 e 1349**. A finais do século XIV non quedaban xudeus en case ningún territorio de Alemaña, Francia, Inglaterra.

En **1492** os exércitos dos Reis Católicos conquistan Granada eponse fin ao derradeiro bastión na península ibérica. Expulsados os musulmáns, os Reis Católicos van conformando a súa idea de España: **un só reino, unha soa monarquía, unha soa relixión**, que se anticipaba ao que acontecería na Europa do Antigo Réxime: un rei, unha fe, unha lei. Ademais, este ano asinou o **Edicto de Granada**, decreto que ordena a **expulsión dos xudeus**.

As diversidades, ante todo as relixiosas, molestaban á hora de unificar o Reino de España.


Creada a **Inquisición** 14 anos antes (1478) na Coroa de Castela e logo na Coroa de Aragón para perseguir aos xudeuconversos, é agora onde desenvolverá máis a súa misión para expulsar a xudeus e musulmáns.

EDICTO DE GRANADA

...“Nosotros ordenamos ademais neste edicto, que os Xudeus e Xudías de calquera idade que residan nos nosos dominios ou territorios, que partan cos seus fillos e fillas, serventes e familiares pequenos ou grandes de todas as idades ao fin de xullo deste ano e que non se atrevan a tornar ás nosas terras e que non tomen un paso adiante a traspasar da maneira que se algún Xudeu que non acepte este edicto se acaso é encontrado nestes dominios ou torna será culpado a morte e confiscación dos seus bens”.



Copia selada do Edicto de Granada
Expulsión dos xudeus, 31 de marzo de 1492




Sinatura do Edicto de Granada
Pintura de Emilio Sala Francés

MUSULMÁNS E MOURISCOS

Nas capitulacións da conquista de Granada, hai acordos asinados e ratificados o 25 de novembro de 1491, que permitirán aos musulmáns que se quedaron conservar a súa relixión. As capitulacións só foron cumpridas polos Reis ata 1499, dous anos máis tarde, en 1501, a través dunha **Pragmática obrigábaselles a convertérense ao cristianismo**.

Os musulmáns que se converteron ao cristianismo foron chamados **mouriscos**. Cento dezaoto anos despois, o **9 de abril de 1609**, Felipe III ordena a expulsión dos mouriscos, que se desenvolverá de maneira paulatina ata 1613.



Expulsión dos mouriscos de España



Quema de xudeus acusados de ser causantes da peste negra 1348.



Acto de fe da inquisición contra xudeus. Pintura de Goya

XITANOS


PRIMEIRA LEI OU PRAGMÁTICA CONTRA OS XITANOS PROMULGADA POLOS REIS CATÓLICOS O 4 DE MARZO DE 1499

Os xitanos non eran un perigo para a construción da unidade do Reino de España porque non eran numerosos, nin era propietarios de terras, negocios, riquezas e tampouco tiñan unha relixión propia.

Houbo unha serie de aspectos que precipitou a primeira lei contra os xitanos: a súa continua viaxe en grupos pequenos facíalos pouco controlables, e facía sentir receo e molestia á sociedade sedentaria, a igrexa católica non os consideraba cristiáns, aínda que eles se dicían cristiáns peregrinos aos santos lugares.



A rendición de Granada. Pintura de Francisco Pradilla y Ortiz



Arquivo Xeral de Simancas,
Rexistro Xeral do Selo e protocolizada ao folio 35

“Mandamos aos xepícios que andan vagando polos nosos Reinos e Señoríos cos súas mulleres e fillos, que do día que esta lei fose notificada e pregoada na nosa Corte e nas Vilas, Lugares e Cidades que son cabeza de partido ata 60 días seguintes, cada un deles vivan por oficios coñecidos e mellor soubesen aproveitarse estando de estrada nos lugares onde acordasen asentarse ou tomar vivenda de señores aos que sirvan e lles dean o que fose mester e non anden xuntos viaxando polos nosos Reinos como o fan ou dentro doutros 60 días primeiros saian dos nosos Reinos e non volvan a eles en maneira algunha so pena que se neles fosen achados ou tomados, sen señores, xuntos, pasados os ditos días que dean a cada un cen azotes pola primeira vez e os desterran perpetuamente destes Reinos, e por segunda vez que lles corten as orellas e estean sesenta días na cadea e os tornen a desterrar como dito é. E por terceira vez que sexan cativos, dos que tomen parte, toda a vida [...]”.

O obxectivo desta primeira lei era **expulsalos ou asimíalos**, o que naquel momento significaba deixar a súa viaxe e vivir nun lugar fixo e cun oficio case obrigado de labrador ao servizo dun señor. É dicir, facelos “vasalos útiles” e “vasalos como os demais”.

Os xitanos non tiveron un tratamento xeneralizado á hora de expulsalos, foi un intento de asimíalos a base de pragmáticas e normativas que lles obrigaban a deixar a súa viaxe, lingua, vestimenta e oficios, e asentarse en poboacións concretas e, finalmente, externalos coa **Gran Redada ou Presión Xeral de 1749**.

Coa pragmática dos Reis Católicos comeza a chamada **Etapa de Persecución** cunha lexislación antixitana que buscará a súa **asimilación ou o seu exterminio**.

4

ÓRDES, CÉDULAS, PROVISIÓNS, DISPOSICIÓNS E PRAGMÁTICAS

Desde a 1ª Pragmática dos Reis Católicos á última de Carlos III, ditáronse en contra dos xitanos 28 Pragmáticas reais e Decretos do Consello Asesor de Castela; 27 intervencións nas Cortes Españolas e máis de 20 edictos publicados en Cataluña, Navarra, Granada e Valencia.

CARLOS I

Realizará unha ofensiva contra os xitanos, intentando cumprir a pragmática dos Reis Católicos. Nas Cortes de Toledo de 1525 pídesse ao rei:

“...mande executar a pragmática real que dispón que os de Exipto non anden polo reino, so as penas contidas, malia calquera cédula e facultade da vosa Maxestade que para iso teñan, e que de aquí en adiante non se dean tales cédulas, porque rouban os campos e destrúen herdades, e matan e feren a que se defende, e nos poboados furtan e enganar aos que con eles tratan, e non teñen outra maneira de vivir...”

O rei contéstalles:

“... non sabemos que contra a dita pragmática se dese provisión nin cédula, nin a mandaremos dar de aquí en adiante, e se algunha aparecese, mandamos que sexa desobedecida e non cumprida, e malia elas se garde a dita pragmática como nela se contén”.

Cortes dos antigos Reinos de León e Castela, Real Academia da Historia, Tomo IV, Madrid, 1882, p. 437



FELIPE II



- Pragmática de 3 de maio de 1566. Dáse un cambio verbo da condición social e xurídica dos xitanos aos que se vai asociar con “vagos” e “mendicantes” e aplicaráselles a todos penas de azoutes e galeras.

“... e declaramos ser vagabundos cando á dita pena, os exipcianos e caldeireiros estranxeiros, que por leis e Pragmáticas destes reinos están mandados botar del. E os pobres mendicantes sans que contra a orde e forma dada na nova pragmática que preto diso se fixeron e andan vagabundos, gardándose no demais, no que toca aos ditos xitanos e caldeireiros estranxeiros e pobres, o contido nas leis e Pragmáticas que sobre eles están feitas...”


FELIPE III

- Auto de 15 de outubro de 1611: obriga aos xitanos a teren unicamente o oficio da labranza e as labores da terra, prohibindo doutra vez o uso do traxe, da lingua, das costumes, etc.
- Real Cédula do 28 de xuño de 1619:

“... mandamos que todos os xitanos, que ao presente se atoparen nos nosos Reinos, saian deles dentro de seis meses, que se han de contar desde o día da publicación desta lei, e que non tornen a eles so pena de morte; e os que quixesen quedar, sexa aveciñándose en cidades, vilas e lugares destes Reinos de mil veciños arriba...”



FELIPE IV



- Pragmática de 8 de maio de 1633: Ademais de reiterar a prohibición do traxe, a lingua, as costumes, obriga de ter residencia fixa, etc., engadirá o principio dunha asimilación forzosa, da súa desaparición como diversidade étnica, cultural, ao prohibirse o nome de xitano, xa que se penalizará a quen o use ou o escriba. Os xitanos non podían vivir xuntos en “xitanerías”; debían mesturarse con toda a poboación, xa que eran españois e non pertencían a “nación estraña”:
“...que de aquí en adiante eles nin outros algúns, así homes como mulleres, de calquera idade que sexan, non vistan nin anden con traxe..., senón que falen e vistan como os demais veciños destes Reinos, e se ocupen nos mesmos oficios e ministerios, de tal xeito que non haxa diferenza duns a outros, so pena de douscentos azoutes e seis anos de galeras... e a pena de galeras se conmute en desterro do Reino ás mulleres (...)”.
- Disposición 1639 e Decreto de 6 de marzo de 1643. Felipe IV manda apresar e enviar a galeras a todos os xitanos mozos e que non postían residencia fixa e oficio, sen ningunha xustificación e “se a necesidade da coroa de galeotes para a súa frota”.


CARLOS II



Pecha máis o círculo sobre os xitanos, concreta a prohibición de ter animais, de vendelos ou acudir a Feiras e Mercados, de ter armas, obriga de non ter máis oficios que a labranza e a “cultura de terra”, prohibindo expresamente o oficio de ferreiros. Obriga a estar aveciñados con residencia fixa e non poder saír dela, e volve a insistir na prohibición do uso da “xerga” gitana e do traxe gitano. Aparece o mando de facer un censo e a extrema disposición de pena de morte a calquera grupo de xitanos (máis de dous) que vaian xuntos fóra da súa cidade de veciñanza.

“... con máis prevencións se asegure a persecución e castigo dos que se din xitanos, que coa frecuencia e gravidade dos seus delitos perturban a tranquilidade dos pobos, a seguridade dos camiños, e a fe dos tratos en Mercados e Feiras, onde é tan importante...”

Pragmática de Carlos II. 12 de xuño de 1695. Arquivo Histórico Nacional



FELIPE V



Quere conseguir a desaparición dos xitanos, chegar a ter unha sociedade homoxénea e sen diversidade culturais nin relixiosas. Algunhas cuestións sumaranse ou ampliáronse ás anteriores prohibicións:


- Declarar a pena de morte para todo gitano que posuía unha arma.
- A obriga de vivir nunha das 41 cidades designadas para eles.
- Permiso ás xustizas e xuíces para saírense dos seus territorios se están perseguindo a xitanos.
- Expulsión das xitanas da zona da Corte: Se persiga ás xitanas residentes na Corte “co fin de que esa xente se extinga”, baixo pena de 200 azoutes e dez anos de cárcere. Real Orde de 9 de xullo de 1707.

5

DOCUMENTOS CONTRA OS XITANOS EN ESPAÑA

LISTADO DE CATRO XITANOS E XITANAS QUE ACOMPAÑARON A COLÓN ÁS INDIAS

ARQUIVO DE INDIAS 1497




Antón de Exipto, Macías de Exipto, Catalina de Exipto, María de Exipto. Non existe, a día de hoxe, outra documentación sobre xitanos que viaxaron ás Indias. Estes catro xitanos e xitanas viaxaron no **terceiro viaxe de Colón** nunha carabela que partiu de **Sanlúcar de Barrameda** o 6 de febreiro de 1498.

O listado corresponde á petición de Colón aos Reis Católicos, segundo escribiu Bartolomé de las Casas na súa historia das Indias: “...suplicou aos reis que tivesen por ben que os malfeitores que nestes reinos houbese, lles perdoase os seus delitos, con tal condición que viñesen a servir algúns anos nesta illa (Illa Española, actual Santo Domingo) no que da súa parte lles mandase...”

LITERATURA DE ÉPOCA

As leis e normas contra os xitanos, así como o sentir da sociedade maioritaria, reflíctese naquela época na literatura. Temos os exemplos das obras de **Cervantes**, **El Coloquio de los perros** (1613) e, ante todo, en **La Gitanilla** (1613).




“Parece que os xitanos e xitanas soamente naceron no mundo para ser ladróns, nacen de pais ladróns, críanse ladróns, estudan para ladróns, e finalmente acaban sendo ladróns correntes en todos lados, e a gaña de furtar e furtar son neles como accidentes inseparables, que non se quitan senón coa morte”.

Tamén describen a súa necesidade de liberdade, de ter unha vida libre, cousa que admiraba Cervantes.

“Somos señores dos campos, dos sementados, dos montes, das fontes e dos ríos; os montes ofrécennos leña de balde; as árbores, froitas, as viñas, uvas...; os ríos, peixes, os vedados, caza; sombra as penas, aire fresco os pasos entre montañas e casa as covas... Somos astrólogos rústicos, porque case sempre durmimos a ceo descuberto, a todas horas sabemos as que son de día e as que son de noite”.

DEREITO DE INMUNIDADE ECLESÍASTICA. ANULADO POLO SUMO PONTÍFICE EN 1748




Era un privilexio da igrexa católica que non quería perder, xa que impedía sacar dos lugares sagrados (igrejas, ermidas...) a quen estivese alí refuxiado. Felipe V creará a Xunta de Xitanos (1721) coa finalidade de que analizasen e propuxesen medidas para pedirlle ao Papa que suprimise o dereito de asilo a xitanos e malfeitores. O Nuncio don Enrique Enríquez, delegado especial da súa Santidade, por medio do Cardeal Sobolá, Secretario de Estado, expediu un edito o 20 de xuño de 1748:

“... sendo estes requiridos pola Xustiza Real, constándolles ser Xitanos ou Reos contumaces, que do sagrado saen a delinquir, puidesen extraer del, e dar o seu consentimento, para trasladalos a calquera igrexa dos presidios de África, ou de outra calquera parte”.

ORDE PARA A REAL AUDIENCIA DE A PRATA (ACTUAL BOLIVIA)

5 DE NOVEMBRO DE 1582

Na cidade de A Prata, a cinco días do mes de novembro de mil cinco-centos oitenta e dous anos. Os señores Corrixidores desta Real Audiencia en acordo de Xustiza, vista a Cédula Real da súa Maxestade a obedeceron co acatamento debido e no seu cumprimento dixeron que ata agora non se tivo nova que no distrito desta Real Audiencia anden ningún Xitano nin persoa que anden os seus camiños e teñen gran coidado en facer e entender, se hai algúns, ou que veñan de aquí en adiante para cumprir e executar o que a Súa Maxestade manda. Ante min Joan de Lossa ...



MANDATO DE ARRESTO DA INQUISICIÓN DE TOLEDO CONTRA UNHA XITANA CHAMADA MARÍA RODRÍGUEZ

20 DE XULLO DE 1631



“... Os xitanos... só chamaron a atención do Santo Oficio na mesma medida que o resto dos habitantes do país que non pertencían a unha minoría racial ou relixiosa, e xa que os delitos en que incorrían só pasaron a interesar realmente ao tribunal a partir da segunda metade do século XVII, unha vez eliminados os disidentes de primeira fila..., e co mesmo tipo de penas que as establecidas no caso de feiticaría, blasfemia, proposicións ou bigamia para os cristiáns vellos”.

M^a Helena Sánchez Ortega. "Hechizos y conjuros entre los gitanos y los no-gitanos". p. 87.


CONDENA A GALERAS POR FALAR A LINGUA ROMANÍ

O 24 de xaneiro de 1682, os irmáns Sebastián e Manuel de Avendaño, de **Aranda de Duero**, foron condenados polo Corrixidor de Palencia a 6 anos de galeras só por dicir que eran **xitanos e falaban a lingua xitana**. Fixeron un recurso solicitando que lles conmutasen a pena de galeras pola de minas, a fin de poder estar máis preto da familia.

(Helena Sánchez: "Los gitanos condenados como galeotes en la España de los Austrias". Arquivo Histórico Nacional: Fondo sobre la Inquisición, expediente 2679)

DESPACHO NOMEANDO XUÍZ-COMISARIO DA SANTA IRMANDADE VELLA DE CIDADE REAL PARA LIMPAR CAMIÑOS E CIDADES DE XITANOS

31 DE AGOSTO DE 1736



“... e que se castigue semellante xénero de xente, foraxidos, e outros que se din, e se chaman Xitanos, que non o son, nin por orixe, nin natureza, falando lingua de xerga, facendo trocos, cambios de cabalgaduras e cometen delitos dos expresados que estes con só o nome de Xitanos, por Reais Pragmáticas están sentenciados a Galeras, e para que un, e outro se poñan ao coidado e vixilancia que nesos casos se require...”

HONRADO CONCELLO DE A MESTA. (1273 - 1836)


Reunión dos gandeiros para a transhumancia dos seus gandos, que tivo gran poder outorgado polos Reis e manifestou repetidas queixas contra os xitanos. A Mesta quixo expulsar aos xitanos, pero, aínda que houbo edictos en tal sentido, non se levaron a efecto. Entre os seus privilexios, o dereito ao uso de armas de fogo: “para defendérense dos inimigos comúns dos rabaños, os lobos, as bestas, os ladróns e os xitanos que andaban nómades polas proximidades das devesas ou currais”.

6

A GRAN REDADA OU PRISIÓN XERAL DE XITANOS

30 DE XULLO DE 1749

FERNANDO VI



Para os gobernantes, todos os xitanos eran sospeitosos de desobedecer as leis e, aínda que moitas familias xitanas cumprisen as normas que se lles impuxeran, preparouse unha gran redada para apresar a todos os xitanos e xitanas e separalos da sociedade.

Vázquez Tablada, Bispo de Oviedo, goberna o Consello de Castela, que era a máis alta instancia política da Monarquía española, e propón a redada a Fernando VI, quen a aproba.

Foi o Marqués da Ensenada quen a preparou, organizando o exército e aos alcaldes e as súas xustizas (policía local) co maior segredo. O mércores 30 de xullo de 1749 deuse a orde de “prender a todos os xitanos aveciñados e deambulantes nestes reinos, sen excepción de sexo, estado nin idade, sen reservar refuxio algún ao que se acollesen”. Naqueles momentos a Santa Sé vén de permitir o privar aos xitanos do dereito de inmunidade eclesíastica local e tamén axudou o que moitas familias xitanas obedecesen as ordes de asentamento en 75 poboacións concretas, eran 881 familias xitanas as que estaban censadas e controladas e eran doadas de apresar.

Entre 9.000 e 12.000 mulleres, homes, anciáns e nenos foron apresados. Embargáronse e poxáronse os seus bens para pagar os gastos do seu traslado a prisión. Homes, anciáns, mozos e nenos foron levados a presidios, minas e obras públicas (arsenais de Cartaxena, Ferrol, Cádiz e o castelo de Alacante). As mulleres e os nenos menores de 7 anos, a depósitos ou fábricas onde traballarian (Barcelona, Zaragoza, Valencia, Málaga e Sevilla).

Para privalos da liberdade non houbo máis delito que o ser “meramente xitanos”. Foi unha política de exterminio sobre a minoría étnica gitana.



As 75 poboacións onde estaban asentadas 881 familias xitanas

Malia o recoñecemento de que se encadearon a xitanos sen ningunha culpa, Fernando VI non facilitou a liberdade e moitos dos apresados estiveron agardando os expedientes dos seus pobos (realizados por alcaldes, alguacís e párrocos) que certificaban o seu asentamento, oficio e vida exemplar. Nos 14 anos que tardou en ditarse o indulto xeral, sufriron condicións durísimas, xa que eran sometidos a traballos forzados en arsenais e minas, algúns morreron sen recuperar a liberdade.

Sen xuízo, sen límite no tempo de catividade, daban poucas esperanzas a quen sempre viviran e apreciaban a liberdade. Unha enorme inxustiza que se adiantará e exemplificará futuras políticas extremas que soamente admitirían unha “raza pura” e a desaparición das “razas inferiores” que levarán séculos despois aos xitanos, xudeus, homosexuais aos campos de concentración nazis e ao criminal exterminio da maioría que foron apresados.



Fragua gitana. Pintura de Isidoro Marín

Moitos pobos reclamaron ao Rei que deixase en liberdade ás súas familias xitanas, xa que eran necesarias pois quedaran sen ferreiros, sen panadeiras, sen pousadeiros, sen traballadores de folga de lata, sen rapadores, sen alpargateiras...

ORDE PARA A RECOLLIDA DOS XITANOS

Esta Gran Redada fíxose con todo secreto e aleivosía. Tal é así que non houbo unha orde impresa. A cada poboación onde había xitanos enviouse unha carta manuscrita ás súas autoridades, dándolles precisas ordes e ata o número de familias xitanas que estaban aveciñadas. Todo debía prepararse en secreto ata a chegada do destacamento do exército o día 30 de xullo de 1749 para a detención e traslado dos detidos e detidas ás prisións.

Aquí reproducimos a primeira páxina da carta enviada a Orihuela (Alacante) e transcrita por Antonio Gómez Alfaro.

“O Rei (Deus o garde) resolveu que as catorce familias de Xitanos que con provisiones do Consello están aveciñados nesa cidade se muden e poñan na que expresa a Instrución que se formou e acompaña esta carta cuxo fin mandou a súa Maxestade que pase a esa cidade un oficial co destacamento de cincuenta infantes e vinte cabalos, polo que prevexo a vosa mercé que logo de que chegue a esa cidade lle entregue o Prego que con esta se dirixe para el, comunicándolle o todo da dependencia, e a Instrución e esta cara poñéndose de acordo para a execución de xeito que se acade o fin como tan importante á quietude pública do reino debendo dicir a vosa mercé que verbo de ter tomada a Vosa Maxestade esta resolución baixo a confianza...”



Arsenal da Carraca en Cádiz, un dos lugares onde foron confinados os homes xitanos.


REAL INSTRUCIÓN DE 28 DE OUTUBRO DE 1749, RELATIVA AO RECOLLEMENTO DE XITANOS

Achega esta Real Instrución dúas cuestións que complementan a Real Orde para a Prisión Xeral dos Xitanos, que se executara facía tres meses:

- Xeneralizar a redada a todas e todos os xitanos e non soamente, como se fixera, aos que estaban aveciñados nas 75 cidades designadas.
- Recoñecer que o mandato do Rei era para os xitanos que incumprían as leis.

As moitas queixas dos xitanos, pero tamén dos seus veciños, de alcaldes, párrocos, persoas respectables, de matrimonios mixtos, sobre a discriminada retención sen realizar delito algún e sendo cumpridores do que mandaban as pragmáticas e ordes reais, fai que haxa unha reconsideración por parte do Rei, individualizando a culpabilidade ou inocencia:

“Cando o Rei [...] se atopa de repente coa dor de ver perturbados os piadosos fins do seu loable propósito, con agravio da xustiza, só polo mal fundado concepto dos executores, e non debendo consentirse exceso algún culpable contra a Real mente; Manda a S.M. que, permanecendo na súa forza a deliberación sobre o recollemento e aprehensión daqueles Xitanos que non viviran con observancia das Reais Pragmáticas, por faltar algún dos seus Capítulos, os demais en que se verificase o cumprimento delas, sexan postos en liberdade, posto que estes nunca puideron, nin deberon ser incluídos na dita Real deliberación, por estaren, como inocentes, libres de toda acusación e pena”.



Polos graves motivos que fixo moi notorio o atrevemento dos que se chaman Xitanos, ...

... Pero esta mesma indiscreta intelixencia deu motivo a repetidas queixas de moitos dos recollidos, alegando que eles e os seus maiores vivían e viviran axustados sempre aos preceptos das Reais Pragmáticas, Decretos e Ordes do Consello: que tiñan contraídos os lexítimos matrimonios; que educaban aos seus fillos con honesto porte, e boas costumes; que se mantiñan do seu traballo ou nas labores do campo, e oficios mecánicos; e, por conseguinte, os bens que posuían mobles ou raíces, non foran adquiridos criminalmente; co cal concorría que en todo o seu trato manifestaron ser bos veciños, sen que as Xustizas tivesen a menor causa para procesalos...

7 DESDE A ÚLTIMA PRAGMÁTICA Á II REPÚBLICA

CARLOS III



■ INDULTO PARA OS XITANOS DA GRAN REDADA

O indulto a tal inxustiza viría o 16 de xuño de 1763: 14 anos despois. E sería da man de Carlos III, quen recoñeceu que aquela redada foi un mandato “que tan pouco honor fai á memoria do meu amado irmán”.

O Perdón Xeral ou indulto será para todos os xitanos que, estando nos arsenais e presidios, aínda que non accedesen á liberdade, coa condición de que tivesen domicilio nunha poboación.

■ ÚLTIMA PRAGMÁTICA 19 DE SETEMBRO 1783

A última real pragmática desenvolvida por Carlos III tiña as mesmas intencións que a promulgada polos Reis Católicos: **asimilar aos xitanos, facelos desparecer como diversidade, facelos vasalos útiles e “vasalos como os demais”**. Porén, tiña unhas propostas (“maneiras”) moi diferentes ás anteriores leis. Vexámolas:

► **Os xitanos son cidadáns españois** (e non unha raza infecta) e poden elixir libremente o lugar da súa residencia (agás os Sitios Reais), o tipo de oficio que desexen (agás aqueles que sexan innobres ou que sexan non suficientes para vivir dignamente).

► **Os nenos deben ir á escola** desde os catro anos e esta escolarización será pagada polos concellos. Os pais que se neguen a escolarizalos ou eduquen mal aos seus fillos perderán o dereito a telos.

► **Ninguén, concellos, comunidades, eclesiásticos, gremios, particulares poden negar residencia, traballo, dereito de asilo ou calquera outro dereito de cidadán pola razón de ser gitano**. Dítanse penas para aqueles que obstaculicen a integración dos xitanos.

► Ao declaralos iguais ao resto dos cidadáns **prohibeselles calquera exteriorización das súas diferenzas** (idiomas, vestidos, costumes). **Non poden chamarse xitanos**, nin que ninguén os chame xitanos, nin que en ningún escrito apareza tal termo. **Os xitanos non existen. E o gitano que non se someta a estas normas será castigado coa morte**.

Foi pregoada esta lei por todas as cidades e o texto escrito foi colgado naqueles lugares onde residían xitanos. De ser perseguidos pola súa diferenza cultural pasan a non seren recoñecidos como tal diversidade, como xitanos. Pasan a ser unha minoría étnica marxinalizada.

En palabras do gran historiador **Bernard Leblon**: “*Os incuestionables progresos da lei de 1783 con relación a toda a lexislación anterior en materia de xitanos (tres séculos de infrutuosas tentativas destinadas a obter a integración do corpo estrano gitano, nas que se utilizaron torpes recursos e métodos que en xeral se poden cualificar de bárbaros) non deben nada a consideracións humanitarias e só se inspiran nun afán de eficacia... O fin a acadar repítase como un refrán: trátase de transformar unha masa de ociosos en súbditos útiles, e a lei seleccionou os mellores medios para acadalo sen deixarse entorpecer por ningunha clase de escrúpulos*”. Os Xitanos de España Ed. Gedisa. pp. 68-69.

ISABEL II

TRES ASPECTOS LEXISLATIVOS



■ **Lei de vagos 1845**. Será completada pola **R.O. do Ministerio de Gracia e Xustiza de 4 de abril de 1848**: “... chamar moi seriamente a atención do Goberno cara aquela clase de homes que, sen arraigo de ningunha especie, nin amor ao traballo, que tan recomendable fai a clase proletaria, cifran as súas esperanzas nos trastornos e a conculcación dos principios sociais. ... Non é nova, non obstante, no mundo esta clase de homes, perseguidos pola lexislación de todos os países baixo o nome de vagos”.

■ **Real Orde de 22 de agosto de 1847**. Compra e venda de cabalarías. Dita normas para evitar o roubo de bestas e enganar **“sobrados frecuentes entre xitanos”**. Obriga aos xitanos a levar, xunto ao seu pasaporte, a documentación onde se recolla polo miúdo cantas cabalarías levan e de onde proceden, onde foron adquiridas ou trocadas, referendadas por comisarios, celadores ou alcaldes. Se non se achega isto: “*Na intelixencia dos que non se cumplan con estes requisitos sufriran o comiso das cabalarías que se lles atopasen, que quedarán a disposición das autoridades inmediatas para que se descubra polas mesmas a súa procedencia*”.

■ Código penal de 1848:


► **“Artigo 7020**. *Pero aos que non deixasen traxe, lingua ou modais, e aos que aparentando vestir e falar como os demais vasalos, e aínda elixir domicilio, continuaren saíndo a vagar polos camiños e despoboados, aínda que sexa co gallo de pasar a mercados e feiras, perseguiranse e prenderanse por parte da xustiza...*”

► **“Artigo 7022**. *... A sala, en vista do que resulte, [...] mandará inmediatamente sen figura de xuízo selar nas costas aos contraventores cun pequeno ferro ardente [...] coas armas de Castela*”.



Cadro: Xitano que bailou para Isabel II en 1862

CARLOS IV



■ AMPLIACIÓN DO INDULTO AS XITANOS PRÓFUGOS

Seguindo ao seu pai Carlos III, ampliará o tempo dado no indulto para que os xitanos e outros de vida errante: “... tornasen ás súas casas, amparasen ás súas familias, e se diminuísen os defraudadores da miña Real Facenda...”

FERNANDO VII

REAL CÉDULA DE 1814 E REAL ORDE 1827





Ámbalas dúas reiteran as mesmas políticas contra os xitanos dos anteriores monarcas. A documentación existente vén a dicir que seguen os xitanos a incumplir as Pragmáticas e Ordes, e compróbase no **Auto do Consello de Castela que manda á Real Chancelaría de Granada o 24 de decembro de 1817**:

“... manifestando os males que causaban os Xitanos, [...] adóptanse as medidas oportunas para que esta clase de xentes ociosas e prexudiciais non puidesen usar armas [...] como tampouco tratar nin comerciar en bestas, e que se evitase a facilidade de provírles as Xustizas de pasaporte [...] que o gobernador e a Sala do Crime desa Real Chancelaría encarguen estreitamente ás Xustizas dos Pobos do seu territorio, o puntual e máis exacto cumprimento...”.

CONSTITUCIÓN DE 1812

Na **Constitución de 1812** (coñecida como a Pepa) podemos interpretar que o Artigo 25, parágrafo 4º está dedicado aos vagos: “*O exercicio dos mesmos dereitos suspéndese... 4º - Por non ter emprego, oficio ou modo de vivir coñecido*”.



ALFONSO XII

R.O. 8 de setembro de 1878. Mercados de Cabalarías.

“... A S.M. o Rei serviu dispoñer comece a rexer o seguinte:

1. *Os xitanos, chaláns e demais persoas dedicadas ordinariamente á compra, venda e troco de cabalarías, necesitarán ir provistos de cédula de empadramento e da patente expedida pola respectiva Administración económica na que se lles autorice a exercer a súa industria...*

4. *Todo traficante de cabalarías que fora atopado pola garda civil [...] sen ningún dos documentos [...] será detido...*”



ALFONSO XIII

Regulamento de 24 de abril de 1905

Relacionado coa Administración e réxime das reses sen dono coñecido.

“*As reses collidas pola Garda Civil ou as autoridades, en cumprimento da R.O. de 8 de setembro de 1878 aos xitanos e traficantes de gando nas feiras e mercados*”.

Esta será a derradeira norma ou disposición específica para os xitanos. Desde esta data todos os cidadáns están, teoricamente, en igualdade xurídica. Certo é que non se mencionará aos xitanos nas leis seguintes, pero a realidade segue a discriminar aos xitanos sen concederlles a presunción de inocencia.

II REPÚBLICA 14 ABRIL 1931

Lei de vagos e malfiteiros. 4 de agosto de 1933. Unha lei sobre perigosidade sen delito.

“*Artigo 2º: Poderán ser declarados en estado perigoso e sometidos ás medidas de seguridade da presente lei (entre outros):*

- *Primeiro: os vagos habituais.*
- *Segundo: os rufiáns e proxenetas.*
- *Terceiro: os que non xustifiquen, cando lexitimamente fosen requiridos para iso polas Autoridades e os seus Axentes, a posesión ou procedencia do diñeiro ou efectos que se atoparen no seu poder ou que entregasen a outros para o seu investimento ou custodia.*
- *Cuarto: os mendigos profesionais e os que vivan da mendicidade allea...*
- *Oitavo: os que ocultasen o seu verdadeiro nome, disimulasen a súa personalidade ou faltasen no seu domicilio...*”

Hai opinións encontradas na repercusión desta lei sobre os xitanos. Maioritariamente afirmase que esta lei aplicouse aos xitanos. Lembremos que **Felipe II**, na súa pragmática de 1566, xa deu un cambio verbo da condición social e xurídica dos xitanos aos que desde entón se asociaron cos “*vagos e mendicantes*”: “... e *decláramos ser vagabundos [...] os xipcianos e caldeireiros estranxeiros*”.


8

GUERRA CIVIL RÉXIME FRANQUISTA

GUERRA CIVIL



“A participación dos xitanos na guerra civil foi escasa. Sempre hai alguén que lembra a un xitano que era do PCE ou falanxista ou da CNT. Pero o caso é que na súa gran maioría chegaron a entender, e con razón, tanto horror, tanto sangue e tanto odio. A guerra, para moitos xitanos, significou a corroboración da pésima opinión que tiñan os pais. [...] A maioría procurou a duras penas sobrevivir entre balas cruzadas. Contábame un ancián en 1970: “Se gañaban os que logo ganaron íannos a mallar a paus e íannos tirar (botar) de todas partes. E se quedaban os outros, íannos matar a traballar en calquera mina de por aí e ata nos quitarían aos nosos fillos, dicían. Nin uns nin outros respectaban as nosas cousas, nin sequera aos nosos mortos. Así que o tío X e eu, que íamos xuntos, cambiábase a bandeiroa ao burro segundo pasabamos por aquí e por alí”. Teresa San Román. La diferencia inquietante Ed. Siglo XXI. Madrid 1997. p. 213



Soldado xitano no fronte de Granada, 1937. Debuxo de Luis Quintanilla.

As xitanas e xitanos tamén padeceron, loitaron e morreron nesta terrible guerra. O pouco que se investigou vén a dicir que os xitanos intentaron sempre evitar o participar na guerra; pero, como todos os españois, e segundo onde vivisen, era moi difícil evitar ser recrutado polos sublevados ou os republicanos.

Poucos xitanos tiveron notoriedade durante a guerra civil. Quizais estes dous exemplos sexan os máis coñecidos:



Helios Gómez no fronte. Pintor e cartelista, escritor e poeta, chegou a ser un membro importante do Partido Comunista, e logo anarcosindicalista.

Ceferino Giménez Malla, «o Pelé». Un comerciante profundamente relixioso, que morreu fusilado o 9 de agosto de 1936 por defender a un sacerdote. Beatificado en 1997.



■ ANTEPROXECTO DO CÓDIGO PENAL

Elaborado pola Delegación de F.E.T. de las J.O.N.S. e enviado á Comisión de Xustiza, que en plena guerra era como o Ministerio de Xustiza (1938).


“Capítulo V: Delitos contra a dignidade e o interese da Patria. Artigo 133: Como actos contrarios á raza española castigáranse coa pena de presidio: 1º O comercio, venta, subministración ou fabricación de efectos ou produtos anticoncepcionais. 2º O matrimonio con persoas de raza inferior”.

Naqueles momentos as razas inferiores eran os xudeus e os xitanos, tal e como o fascismo de Franco e o nazismo de Hitler estaban a desenvolver.

RÉXIME FRANQUISTA

A terrible represión na posguerra deu paso a unha matanza de centos de miles de persoas pola súa filiación política ou por caer no bando republicano durante a guerra, vinganzas persoais e deu paso a un estado policial e de gran control social. Ademais dos declarados inimigos políticos comunistas, socialistas, anarquistas, masóns... engadírase a declaración de inimigos sociais a través da racialización, do racismo, maiormente concentrada na poboación xitana. **Os xitanos serían o exemplo do que non debería ser un español.**

Volveuse a retomar a construción dun prexuízo establecido polas leis e a igrexa, que viña de séculos atrás. Tamén repercutiu sobre os xitanos a **Lei contra a guerrilla** (Decreto-Lei de 18 de abril de 1947 sobre a represión dos delitos de bandidaxe e terrorismo), xa que a itinerancia dos xitanos dedicados ao comercio polos pobos facía pensar que ía aprovisionar á guerrilla.



Orde do Gobernador Civil. Novembro 1939. Espiollamento Preceptivo

A epidemia de tifo exantemático (1934-43), que se transmitía a través do chamado piollo verde, sérvenos como exemplo de como o réxime franquista daba unha idea triunfalista e racial da nova España: **limpa, sa e forte**, intentando ocultar a epidemia e sinalando aos xitanos como transmisores dela. Os vencidos, os pobres, eran os culpables, habería que tratalos, en palabras de Franco, coa **“razón da forza para conseguir salvar a España e para darlle días de grandeza”**. Discurso ante o Instituto Nacional de Previsión o día 27 de marzo de 1942.



Xitanas e outras presas na prisión de Les Corts. Barcelona.

Se algo achegaron innegablemente os xitanos foi o flamenco e o réxime franquista utilizouno como unha música que representaba a unha España que quería atraer o turismo. O antropólogo **Pedro Luis Vázquez** chama a esta insolencia o **“nacionalflemenquismo”**: “Eran os representantes do flamenco comercial e do populacho que o réxime quixo potenciar como Marca España”.

■ REGULAMENTO DA GARDA CIVIL

Na derradeira lexislación específica en contra dos xitanos, ampliando a de 1845, e que segue facendo legal e institucional os prexuízos e estereotipos sobre os xitanos. A Garda Civil foi a encargada de vixiar e perseguir aos xitanos, sen ningunha presunción de inocencia; ao contrario, presupoñendo a súa delincuencia.

► Regulamento da Garda Civil (1845)



10. Vigilará escrupulosamente á los gitanos que viajen, cuidando mucho de reconocer todos los documentos que tengan; de confrontar sus señas particulares; observar sus trajes; contar las caballerías que lleven; inquirir el punto á que se dirigen, objeto de su viaje, y cuanto concierne á poder tener una idea exacta de los que encuentre; pues como esta gente, no tienen en lo general residencia fija, y después de hacer un robo de caballerías, ú otra especie, se trasladan de un punto á otro en que sean desconocidos, conviene mucho tomar de ellos todas estas noticias.



► Regulamento da Garda Civil (1943)



Orde de **14 de maio de 1943** do Ministerio de Gobernación, aprobando o Regulamento da Garda Civil. Segunda parte, capítulo I.- Documentos de seguridade.

Artigo 4º: “Vixiarase escrupulosamente aos xitanos, cuidando moito de recoñecer todos os documentos que teñan, confrontar os seus datos particulares, observar os seus traxes, descubrir o seu modo de vivir e canto conduza a formar unha idea exacta dos seus movementos e ocupacións, indagando o punto ao que se dirixen as súas viaxes e o obxecto deles”.

Artigo 5º: “Como esa clase de xente non ten, polo xeral, residencia fixa, trasládase con moita frecuencia dun punto a outro en que sexan descoñecidos, cómpre tomar deles todas as noticias necesarias para impedir que cometan roubos de cabalarías ou doutra especie”.

Artigo 6º: “Está mandado que os xitanos e chaláns leven, ademais da cédula persoal, a patente de Facenda que os autorice para exercer a industria de tratantes en cabalarías [...] Os que non vaian provistos destes documentos ou que do seu exame ou comprobación resulte que non está en regra, serán detidos pola Garda Civil e postos a disposición da autoridade competente como infractores da lei”.



Juan de Dios Ramírez Heredia, primeiro deputado xitano, defendeu nas Cortes o 7 de xuño de 1978 a derogación dos artigos 4º, 5º e modificación do 6º do regulamento da Garda Civil.

Esta Proposición Non de Lei foi aprobada por 285 votos a favor e unha abstención dun deputado de Alianza Popular. Na prensa díciase: **VIBRANTE DEFENSA DO POBO XITANO, POLO DEPUTADO RAMÍREZ HEREDIA**: “un feito insólito: a revelación dun parlamentario de verbo acendido, capaz de arrebatado o aplauso unánime e clamoroso do seu auditorio”.

Por primeira vez suprimírase unha lexislación antixitana desde as Cortes españolas, que estaban a piques de aprobar a Constitución de 1978.

9 PORRAIMOS SAMUDARIPEN

PORRAIMOS SAMUDARIPEN

Porraimos - Samudaripen foi o xenocidio perpetrado pola Alemaña nazi para exterminar a maioría dos pobos xitanos de Europa como parte do Holocausto durante a Segunda Guerra Mundial. Arredor de 500.000 homes, mulleres e nenos xitanos foron asasinados nos campos de exterminio.

- Samudaripen significa "a gran matanza" en romanó.
- Porraimos significa "devoración" en romanó.



Campo de Auschwitz-Birkenau, onde foron exterminados 1,3 millóns de persoas, moitos deles xitanos.

Coa chegada ao poder de Hitler, pasouse das teorías sobre a raza ariá e a súa purificación de calquera mestizaxe, á práctica. *“Había que preceder á purificación da raza nórdica, como rezaba a formulación nacionalsocialista, mediante unha selección interna e unha reprodución organizada, á vez que se preservaba da poboación mestiza. A contaminación étnica do pobo alemán acadara segundo eles un grao insostible. A extirpación total das poboacións xudía e xitana era un paso previo necesario para a rexeneración do pobo alemán”*. Da “Ciencia das Razas” aos campos de exterminio. Ed. Presencia Gitana. Madrid 1999. Páx. 12.



Exército nazi, xitanos y xitanas

Desde esta doutrina racial **asígnouselles aos xitanos a categoría de asociais e raza dexenerada e impura**, aplicándoselles *“todas as técnicas de exterminio urxente, que foron a marca distintiva do nazismo”*. Empregáronse as cámaras de gas, fusilamentos, aforcamentos, esgotamento por medio de traballos físicos, inxeccións de fenol... Tamén como cobaias para os experimentos médicos máis sanguinarios. (ibidem p. 12).


En 1936 creouse o Centro de Investigacións de Hixiene Racial e empezouse un censo dos xitanos. Entre os anos 1937 e 1938 serán amontoados en *“campos de habitación”* situados preto das grandes cidades, para a posterior etapa de deportacións, ante todo no ano 1940, aos campos de exterminio. A deportación dos xitanos *“produciuse a plena luz do día, sen que a opinión pública tivese a máis mínima reacción. Ningunha das institucións que aínda existían, tampouco as igrexas de Alemaña, fixeron máis que, como moito, tomar coñecemento desta gran deportación”*. (ibidem p. 35)



Xitanos nómades obrigados a ir “campos de habitación”, antesala dos campos de exterminio.



Nenos que van ser deportados ao campo de concentración de Auschwitz.




Xemelgos xitanos cos que o Dr. Mengele facía os seus experimentos.



Familias xitanas cara o campo de Auschwitz-Birkenau en 1944.



En tren camiño do campo de exterminio.



Fornio crematorio

En 1945 todos os xitanos que se atopaban nos campos de concentración foron exterminados nas cámaras de gas. Arredor de 500.000 homes, mulleres e nenos xitanos foron asasinados nos campos de exterminio.

» Chegada da xitana Elisabeth Guttenbergger ao campo de exterminio de Auschwitz en 1943:

“[...] A noite tivemos que pasala nunha nave grandísima, sobre o chan. Alí, o primeiro que fixeron foi tatuarnos o brazo co número de prisioneiro e cortarnos o cabelo. Quitáronnos a roupa, os zapatos e as poucas cousas que aínda tiñamos con nós [...] Os barracons non tiñan fiestras, senón tan só unhas xaneliñas de ventilación. O chan era de barro. Nun barracón no que quizais habería sitio para duascenas persoas había moitas veces 800 ou máis. Só por ese feito era de por si un martirio terrible, esa maneira de aloxar a tanta xente. A miña tía camiñaba xunto a min. Mirabámonos e ás dúas caíannos as bágoas. Que impresión! Era cruel. A xente estaba sentada sen moverse nestes caixóns e unicamente nos cravaban a vista. Pensei: estou a soñar, estou no Inferno”.



Barracón para xitanos en Auschwitz

» Julius Hodosi, outro xitano en Auschwitz, dicía: “Deixamos de ser persoas”.

» Tamén Hermine Horvath, que tiña 18 anos, lembra: *“Pelábanos a cabeza, tiñamos que espirnos, emboutábanos cun líquido aceitoso e logo tiñamos que ir aos baños. A cada un nos arrebolaban un farrapo. A min tocume un vestido negro que me chegaba polo xeonllo e tiña mangas curtas. E unha prenda así tiñamos que levala de tres a catro meses. Como non podíamos lavarnos nin podíamos limpar os vestidos, logo tiñamos o aspecto que tiñamos”*. Da “Ciencia de las Razas” aos campos de exterminio. Ed Presencia Gitana. Madrid 1999. Páx. 97.

» Félix Grande preguntase e preguntanos:

“Cantos de nós sabíamos que na Segunda Guerra Mundial foron asasinados polos nazis 500.000 xitanos? Os medios de comunicación, tan formidables, non nos comunicaron isto [...] En canto aos xudeus, non ignoramos o océano de estudos e recordatorios, libros, filmes, monumentos, poemas, músicas e conmemoracións que veñen combatendo ao esquecemento arredor do escándalo aquel. [...] Polo contrario, para saber algo do xenocidio nazi antixitano hai que buscar a escasa información que se extravía entre unha espesa rede de desmemoria”.

Memoria del Flamenco. Ed Galaxia Gutenberg, Barcelona, 1995. p 374



Españóis celebrando a liberación do campo de concentración de Mauthausen polas forzas aliadas, 5 de maio de 1945

Himno dos xitanos aprobado no I Congreso da Unión Romani Internacional. (Londres 1971)

Gelem, gelem lungone dromensar
maladilem baxtale Rromençar
A Rromalen kotar tumen aven
E chaxrençar bokhale chavençar
A Rromalen, A chavalen

Andei, andei por longos camiños
Atopei a fortuna dos romà
Ai, romà, de onde vindes
coas tendas e os nenos famentos?
¡Ai romà, ai mozos!

Sàsa vi man bari familia
Mudardás la i Kali Lègia
Saren chindás vi Rromen vi Rromen
Maskar lenoe vi tikne chavorren
A Rromalen, A chavalen

Tamén eu tiña unha gran familia,
foi asasinada pola Lexión Negra,
homes e mulleres foron despezados,
entre eles tamén nenos pequenos.
Ai romà, ai mozos!


Pangela la neger butar, Undivel
Te saj dikhav kaj si me manusa
Palem ka gav lungone dromençar
Ta ka phirav baxtale Rromençar
A Rromalen, A chavalen

Abre, Deus, as negras portas,
que poida ver onde está a miña xente.
Volverei percorrer os camiños
e camiñarei coa fortuna dos calós.
¡Ai romà, ai mozos!

Opre Rroma isi vaxt akana
Ajde mançar sa lumáqe Rroma
O kalo muj ta e kale jakha
Kamàva len sar e kale drakha
A Rromalen, A chavalen.

¡Arriba, xitanos! Agora é o momento.
Vinde comigo os romà do mundo.
A cara morena e os ollos escuros
gústanne tanto como as uvas negras.
¡Ai romà, ai mozos!

10 FIN DO PERCORRIDO HISTÓRICO



Coas reflexións dos grandes historiadores do pobo xitano, **Antonio Gómez Alfaro** e **Bernard Leblon**, queremos comezar o percorrido final da historia documentada do Pobo Xitano en España.

“A tradicional agrafía dos xitanos, propia dun pobo itinerante, impediulles deixar constancia escrita das súas viaxes e peregrinacións. As testemuñas procedentes dos poderes públicos e das poboacións que mantiveron con eles seculares relacións conflitivas non permiten realmente reconstruír a súa verdadeira historia. O relato que de tales documentos

resulta amosa un radical rexeitamento demoníaco, derivado no mellor dos casos dunha política empeñada na súa disolución como grupo diferenciado”. Antonio Gómez Alfaro.

“Gustaríanos poder contar a historia deste pobo tal como el a viviu, pero desafortunadamente a tradición oral non nos presta aquí axuda algunha. Cando espertamos as enormes masas de documentos que durmían nos arquivos un sono de pesadelo, o que se nos aparece é o espectro multiforme dunha persecución, e a historia que emana desa montaña de papel é soamente a dos verdugos”. Bernard Leblon.


A partir da constitución da II República (1931) comeza a “**igualdade xurídica**” dos xitanos, pero continuará unha “**desigualdade de feito**”. Aínda no presente século XXI, as leis do Estado español defenden o dereito das diversidade culturais e penalizan o racismo, fanse declaracións institucionais e recoñecemento do valor da cultura xitana e da igualdade dos cidadáns xitanos, en contraste cunha sociedade maioritaria prexuzosa, receosa e pouco disposta a admitir que os xitanos teñen unha cultura respectable e positiva.

Comeza unha época onde as xitanas e os xitanos queren falar por si mesmos, queren escribir a súa historia. Dúas obras rompedoras e de gran repercusión darán paso a estes novos tempos: “Persecución” e “Camelamos naquerar” (queremos falar).



“Libres como o aire, libres como o vento, como as estrelas no firmamento, como os nosos pais e os nosos avós. Libres como foron todiños os nosos mortos. Libres, somos libres, libres como o vento”.

Canta o Lebrijano as letras de Félix Grande, unha denuncia social desde o flamenco.



“Pero xa non aguanto que non aguanto máis, porque ata as feras do monte loitan pola súa liberdade”

Baila Mario Maya con letras de José Heredia, un espectáculo flamenco sobre a inxustiza histórica contra os xitanos.

CONSTITUCIÓN DA II REPÚBLICA ESPAÑOLA (1931)



- Artigo 2. **Todos os españois son iguais ante a lei.**
- Artigo 23. Son españois:
 1. Os nacidos, dentro ou fóra de España, de pai ou nai españois.
 2. Os nacidos en territorio español de pais estranxeiros, sempre que opten pola nacionalidade española na forma que as leis determinen.
 3. Os nacidos en España de pais descoñecidos.
- Artigo 29. Ninguén poderá ser detido nin preso senón por causa de delito.
- Artigo 31. **Todo español poderá circular libremente polo territorio nacional e elixir nel a súa residencia e domicilio.**
- Artigo 33. **Toda persoa é libre de elixir profesión.**
- Artigo 34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións.

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

Apróbase a Constitución Española o 6 de decembro en referendo.



- Preámbulo: *“Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, linguas e institucións”.*
- Artigo 3: *“A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.*
- Artigo 14: *“Os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición e circunstancia persoal ou social”.*
- Artigo 19: *“Os españois teñen o dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional. Así mesmo, teñen dereito a entrar e saír libremente de España nos termos que a lei estableza”.*

Di Juan de Dios Ramírez Heredia, primeiro deputado xitano nas Cortes españolas, nunha entrevista publicada por SOS RACISMO:

“A Constitución de 1978 é unha lei que nos enche de orgullo, porque facilita a convivencia e a igualdade, verdade que si? Pois sabede, malditos racistas, que esa Constitución Española está asinada por un xitano, porque leva a miña sinatura e contribuíu a facela. É algo que merece ser lembrado por todos”.

RECOÑECIMENTOS DAS INSTITUCIÓN DO ESTADO ESPAÑOL E COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- **27 de setembro de 2005**, o pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade de todos os grupos parlamentarios unha Proposición non de Lei, **“pola que se insta ao Goberno a promover a cultura, a historia, a identidade e a lingua do pobo xitano”.**
- **Declaración institucional co gallo do 8 de abril Día Internacional do Pobo Xitano.** 10 de abril de 2018 Congreso dos Deputados e 11 de abril de 2018 Pleno do Senado.
- **Declaración institucional do Parlamento de Andalucía, relativa á celebración do 22 de novembro como “Día dos Xitanos Andaluces”.** O 30 de outubro de 1996, o Parlamento Andaluz aprobou unha **Declaración Institucional** relativa á celebración do 22 de novembro como “Día dos Xitanos Andaluces”, no que foi, sen dúbida, o acto institucional de maior calado na historia española deste moitas veces esquecido pobo.
- **Resolución 1046/VI do Parlamento de Cataluña**, aprobada pola Comisión de Política Social o 21 de novembro de 2001: O Parlamento de Cataluña reconece a identidade do pobo xitano e o valor da súa cultura como salvagarda da realidade histórica deste pobo.
- **Declaración do Parlamento de Cataluña de recoñecemento da persecución e o xenocidio do pobo xitano.** Lida no Pleno de Parlamento o día 29 de marzo de 2007.



DECLARACIÓN, RESOLUCIÓN E SINATURAS DE COMPROMISOS CON INSTITUCIÓN EUROPEAS E INTERNACIONAIS

- **Declaración universal dos dereitos humanos. Nacións Unidas. Resolución 217 A (III), o 10 de decembro de 1948**
 - Artigo 1. “Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente uns cos outros”.
 - Artigo 2. “Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición...”
- A **ONU** fai unha mención expresa, por primeira vez, do pobo xitano. **Resolución 1991/21** da Subcomisión de Prevención de Discriminacións e Protección das Minorías:
 - “... En moitos países hai diversos obstáculos que se opoñen á plena realización polas persoas que pertencen á **comunidade romaní** dos seus dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais, e que eses obstáculos entrañan unha discriminación concreta contra esta comunidade e a fan especialmente vulnerable”.
 - España ante o **Comité de Dereitos Humanos da ONU** en 1996 indicará que a única minoría existente no noso país son os xitanos. España asinará o **Cumio de París**, onde se recoñece aos xitanos o dereito a empregar a súa lingua.

11 A CONSTRUCCIÓN DOS PREXUÍZOS E ESTEREOTIPOS SOBRE AS XITANAS E XITANOS ESPAÑOIS

OS CONCEPTOS

- **Prexuízo:** opinión previa e tenaz, polo xeral desfavorable, verbo de algo que se coñece mal. **Actitude negativa e hostil** cara a unha persoa que identificamos como pertencente a un grupo, polo simple feito de pertencer a este grupo. É o **sentimento** co que se valora ao dito grupo... Guía as emocións de maneira negativa e impide unha reflexión neutral sobre as persoas ou grupos.

- **Estereotipo:** imaxe mental moi simplificada dun grupo de persoas que comparte certas calidades e características. Pode ser positivo, negativo (predomina) ou neutro. Conxunto de **crenzas compartidas** socialmente sobre as características dunha persoa que adoitan esaxerar un trazo concreto que se cre que ten un determinado grupo.




A imaxe **negativa** que pesa sobre xitanos e xitanas, e que tan resistente se amosa de ser modificada, é un dos **principais factores que dificultan a súa incorporación sociolaboral**, facilitan a exclusión social e, en último termo, **promoven comportamentos racistas**.

“O **prexuízo racial fundaméntase na xeneralización e, polo tanto, a culpabilización do inocente, que é o paradigma da inxustiza**”. Agustín Vega Cortés (2019).

■ NA LITERATURA, MÚSICA, CÓMICS...

A construción dos estereotipos comeza coa primeira pragmática contra os xitanos (1492), onde xa se amasaban conceptos como: **vagabundos, gaioleiros, ladróns, feiticeiros, adiviños...** As posteriores pragmáticas sinalaron outros estereotipos: A lingua romaní “**é unha xerxa propia de delinquentes, son amorais, non poden usar vestimentas propias...**” A literatura virá a popularizar estes estereotipos. Quizais a máis ferinte será “**La Gitanilla**” de Miguel de



Cervantes (1613): “*Parece que os xitanos e xitanas soamente naceron no mundo para ser ladróns, nacen de pais ladróns, críanse ladróns, estudan para ladróns e, finalmente, acaban sendo ladróns correntes en todos lados, e a gaña de furtar e furtar son neles como accidentes inseparables, que non se quitan senón coa morte*”.

Tamén podemos atopar mencións estereotipadas en obras de **Calderón de la Barca** e **Lope de Vega** ou, incluso, en literatura infantil e xuvenil: “**Fray Perico y su borrico**” (SM, El Barco de Vapor, 68 edicións en 2017).


Se damos un salto na historia, desde fai anos inténtase **cambiar algunhas acepcións no Dicionario** da Real Academia Española, sen moito éxito, como por exemplo coa palabra “**trapalleiro**” (2015), ou as palabras “**xitano e xitanada**” (2014).



Desde a **música**, o feito de considerar ao pobo xitano español como “músicos” e/ou “bailaores” é un caso de **estereotipo “positivo”**, pero que igualmente ten uns **efectos de homoxeneización e encadramento** (“os xitanos son grandes músicos de flamenco”), prexudicando ao pobo xitano en xeral, ao reducido a un só trazo cultural xeneralizado”. Sen esquecermos que igualmente discrimina á parte feminina do flamenco, menos visible que a masculina.

Tamén podemos mencionar letras estereotipadas de cancións internacionais como, por exemplo, “**Amor gitano**” (Alejandro Fernández e Beyoncé, 2006) ou o vídeo de Shakira na canción “**Gitana**” (2010).

En moitas ocasións, nas propias letras de cancións creadas polo pobo xitano pódense apreciar ecos de distintos tipos de estereotipos moi instaurados na mente colectiva, como poden ser canasteiros e andarríos, xitaneidade, oficios tradicionais, pedimento, relixiosidade, tópicos, caló, etc. facendo alusión á súa propia historia narrada e cantada.



Materiales de traballo:
cultura, estereotipos y prejuicios sobre los gitanos a través de la música y el cine.

Desde as **bandas deseñadas e cómics**, tamén se fai unha “**naturalización**” dos estereotipos cara o pobo xitano, algúns exemplos:

- “**La familia Churumbel**”: é unha familia xitana que vive do roubo, rodeada de miseria, os seus personaxes son vagos, ladróns, inculcos e o contrapunto dá o fillo maior, que lle gusta traballar como mecánico, fontaneiro, panadeiro...

- “**Tintín en As xoias da Castafiore**”: aos xitanos acusaráselles de roubar as xoias da cantante, cousa que despois se demostrará que é mentira. Aparecerá a avoa cingara que le a man, o pai facendo canastras, a vida nas caravanas...


- **Mortadelo e Filemón: “A maldición xitana”:** Xitanos e xitanas con roupa estereotipada e cuxas actividades son: roubar porcos, xamóns, burros, ler a boaventura, as esmorgas arredor da fogueira...



■ DESDE O CINE, TELEVISIÓN, PRENSA E REDES SOCIAIS

Acolíto dáse unha reprodución de estereotipos e imaxes racistas. Antigamente, con personaxes xitanos sempre desde a picaresca, a vagancia, o engano e a maldade, e moito folclorismo. Na actualidade, como personaxes marxinais e malleiteiros. “...*Alguns medios de comunicación, tanto escritos como en formato audiovisual, mantéñense ancorados nos estereotipos e os prexuízos que promoven un discurso establecido hai moitos anos. Unha narrativa que describe a singularidade do pobo xitano como algo negativo, que hai que perseguir e eliminar, e así debuxa un inimigo ao que poder criminalizar de maneira xeneralizada, un inimigo que axuda tamén a definir o concepto de “nosoutros” en oposición a “eles”*”. Unión Romaní. Informe 2018.

Quizais o máis grave son: “*Os programas televisivos que estamos tendo como “Palabra de Xitano” ou “Os Gypsy Kings” están botando por terra a dignidade de todo un pobo e o traballo en defensa da igualdade e a promoción dos xitanos e as xitanas*”. Sara Giménez Giménez. Avogada xitana. Informe Discriminación e Comunidade Xitana. FSG (2015).




“*Mentres os guionistas continúan co seu proceso de evolución do estereotipo, rara vez se achegan ao pobo xitano para coñecelo, tampouco fai falla, “os participantes” destes programas reproducirán todo o que se lles diga porque hai un acordo*”. Ana Segovia Montoya. Periodista xitana (2017).

No cine atopamos diferentes clichés do pobo xitano ao longo dos anos tanto dentro como fóra das nosas fronteiras. Nomeamos algunhas películas como: “La danza Fatal” (1914), “Gitana Cañi” (1917), “007. Desde Rusia con amor” (1963), “Yo el Vaquilla” (1985), “Calé” (1987), “El Jorabado de Notre Dame” (Infantil 1996), “Cachito” (1996), “Ja me maaten...” (2000), “Santch; Cerdos y Diamantes” (2000), “Gitano” (2000), “Vengo” (2000), “Hijos de los hombres” (2006), “Carmen y Lola” (2018) ...

“*Polos estereotipos que se perpetúan no cine, axúdase a que a imaxe actual do pobo xitano xere na nosa sociedade un estereotipo, unha imaxe de grupo, que á súa vez provoca un grao de discriminación e xenofobia... O prexuízo no cine tamén é racismo*”. Sabina Ortega Padrón (2016).

Nas redes sociais tamén hai discursos de odio que atopas “de balde” e que tanto inflúen en toda esta nova xeración. Hai páxinas web co titular “morte aos xitanos”, hai discursos de odio que se moven a gran velocidade, apps discriminatorias, e as ferramentas non están sendo as correctas porque non se están suspendendo e/ou evitando este tipo de contidos en tempo e forma.

CLASES DE ESTEREOTIPOS



-**Estereotipo tradicional:** salvaxes e sen cultura, supersticiosos, sucios, ladróns, vendedores de drogas, que viven ao día, inmorais, violentos, que non queren integrarse, que non cumpren as leis e normas, maleducados, falsos pobres...

-**Estereotipo conservador:** que amosan hospitalidade, forte vinculación familiar, respecto aos maiores, profundo amor aos fillos, protección masculina á muller, desprendemento e falta de apego ao material, solidariedade dentro do patrigrupo, piden castidade e fidelidade á muller...

-**Estereotipo positivo-romántico:** libres, viaxeiros, toureiros, flamencos, cantaores, bailaores, artistas, bohemios, máxicos, quirománticos...

-**Estereotipo novo desde o nacionalismo-asociacionismo xitano:** perseguidos, pobres, comunitarios, pouco consumistas, transnacionais, viaxeiros sen fronteiras...

-**Estereotipo relixioso:** sectarios, posuídos, buliciosos, espirituais, eclípticos, unha das sete tribos elixidas...

■ ANTIXITANISMO

“*O antixitanismo é unha antiga ideoloxía compartida por amplas capas da sociedade maioritaria europea que desemboca nunha específica e particular forma de racismo e discriminación dirixida cara as poboacións definidas como romanés*”. Guía de Recursos contra o Antixitanismo. FAGA (2015).

“*O antixitanismo está na base do maior problema cultural dos Estados-nación europeos desde a súa orixe: a xestión da diferenza. As identidades hexemónicas configúranse negando ao outro, á outra*”. Helios F. Garcés (2015).

12

O POBO XITANO Cultura, idioma, o flamenco como trazo cultural

SER XITANA-SER XITANO

“Somos xitanos porque nos sentimos xitanos, herdeiros do noso pasado, pero protagonistas do noso futuro. A sociedade pola que loitamos é a que vén, non a que foi [...] O noso modelo organizativo debe estar comedido ao pairo da evolución. Por moi xitanos que sexamos máis xitano é o tempo”. **Diego Luis Fernández Jiménez** (1993).

“Ser xitano é sentirse xitano, ser partícipe dun sistema de valores que impregna todo o corpo e que peneira a percepción exterior en base a unha cultura milenaria [...] Os xitanos somos cidadáns españois e como tales temos que formar parte activa nos destinos do noso país [...]”. **Unión Romani** (1994).




“Eu, que son xitano porque o eran meus pais e os pais dos meus pais, porque quero selo, [...] declaro que creo na igualdade plena do home e da muller. Defendo que todas as persoas, homes e mulleres, teñan os mesmos dereitos e as mesmas liberdades, incluída a liberdade sexual [...]”. “Para nosoutros ser xitano leva consigo o respecto a unha serie de valores, comportamentos éticos que son universalmente aceptados como signo de civilización e madurez...”. **Agustín Vega Cortés** (2013).

CULTURA XITANA

En cada cultura existe dinamismo e heteroxeneidade internas. Os dous primeiros principios do ERIAC (Instituto Europeo de Arte e Cultura Xitana) son: “Respecto da dignidade dos romaníes e a súa identidade”, “diversidade e pluralidade de identidades e culturas romaníes”.

“A cultura non é un camiño con frechas indicado. A cultura está sempre en constante evolución. É ou non é segundo vaian facendo dela os seus artífices. É cambiante porque debe responder aos tempos cambiantes, porque é un instrumento de vida, non un obxecto a venerar na vitrina dun museo. A cultura vívese e, polo tanto, é maleable, amóldase, enrédase, utilízase segundo se vive para coadxuvar á vida mesma...”. **José Heredia Maya** (2008).



“Ser xitano non é ser pobre, pedichón, botar a boaventura nin traballar nunha fragua. Iso non é ser xitano. Xitano é aquel que realza o que ten e o que fai, dálle brillo, esplendor... O xitano ama, en suma, a liberdade sobre todas as cousas, pero non para estar mirando ao sol sen facer nada. Para nosoutros a liberdade é a cultura. Desa liberdade xorde un determinado sentido da cultura, unha resposta persoal e colectiva ante os estímulos externos. A liberdade é, daquela, o principio fundamental da cultura xitana”. **Antonio Carmona Fernández** (2001).

“Os valores culturais xitanos é importantes coñecelos...”


1. O respecto á familia, e cando digo familia estoume a referir á familia extensa. Cada membro da familia ten un rol asignado e hai que coñecelo, se queremos traballar con eles.
2. Respecto aos xitanos de máis idade.
3. Unha concepción diferente do traballo. Trabállase para vivir, non se vive para traballar.
4. A hospitalidade e a solidariedade cos membros do grupo.
5. O respecto aos defuntos.

O descoñecemento destes valores leva á maioría dos profesionais, tanto do social como doutros ámbitos de actuación, a ter prexuízos e estereotipos contra a comunidade xitana”. **María Amaya Santiago** (2005).

LA LEI XITANA

“Nosoutros tamén temos unhas normas soberanas, -A Lei Xitana- que son consecuencia da nosa historia [...]. A Lei Xitana, como todos os corpos normativos, debe estar en continuo estado de adaptación á realidade que debe regular. Nunca debemos loitar por manter leis do pasado, se as mesmas non son adaptables á sociedade actual. [...] Polo xeral, a Lei Xitana ten a súa base na idea da culpabilidade obxectiva [...]”. **Unión Romani** (1994).

“Si é verdade que gozamos dun sistema alternativo ao xudicial para resolver controversias entre xitanos parecido á arbitraje, onde os árbitros son xitanos maiores dunha categoría humana e traxectoria social impecable, pero este proceder non pode ter o cualificativo de “lei” e, ademais, nunca versará sobre asuntos penais; este ámbito do dereito só pode ser resolto en vía xudicial”. **Marcos Santiago Cortés** (2005).



“O poder dunha familia indubidablemente o da o número de varóns cos que conta (isto está baseado na historia, canto máis homes tivese o grupo mellor podería ser defendido). Pódese ser un home pero non un home de respecto. O home de respecto ha de ter unha reputación intachable no cumprimento das normas xitanas, pasando a considerarse como xitano de respecto o prestixio a partires dos 50 anos”. **Carla Santiago Camacho** (1997).

IDIOMA

“Mothomanqe, Rrom! ea, kaja amari phuv, amare plaja, amare lená, amare umála
Thaj amare vesa?
Kaj amaro them? Kaj amare limòra?
-And-e lava tane, amare chibaquere”

“Cóntame, xitano, onde está a nosa terra, onde están as nosas montañas, os nosos ríos, os nosos campos e os nosos bosques?
Onde está a nosa patria? Onde os nosos sepulcros?
Están nas palabras, dentro da nosa lingua”

Eslam Drudak

“O romanó é o idioma internacional dos Rroma, dos xitanos. É unha lingua viva, falada e escrita nos cinco continentes... É unha lingua indoeuropea xurdida desde o sánscrito...”

O caló é unha lingua mixta que foi xurdindo do contacto entre o español e o romanó ao longo dos últimos seis séculos. Malia os loables esforzos realizados desde algunhas organizacións romaníes e gachés e por algunhas persoas illadas, o romanó en España, o caló, está en vía de desaparición definitiva. Cada día o seu uso se restrinxe a ámbitos máis e máis marxinais. Os mozos, e moito máis os nenos e nenas, descoñecen, porque ninguén llelo ensinou, os poucos recursos idiomáticos que algunha vez usaron os seus pais e nais ou os avós e avoas”. **Nicolás Jiménez González** (2007).



■ ALGÚNS XITANISMOS SEGUNDO A RAE (DO CALÓ...):

- Bulo: Noticia falsa, rumor.
- Camelar: Amar, querer, desexar.
- Canguelo: Medo, temor.
- Cate: Nota de suspenso nos exames. Golpe, labazada.
- Chaval: Neno, mozo, novo.
- Churumbel: Neno ou bebé.
- Currar y currelar: Traballar
- Gachó; gachí: home, muller.
- Jamar: Comer.
- Molar: Gustar, estupendo.
- Paripé: Finximento, simulación.
- Postín: Presunción afectada ou sen fundamento.

O FLAMENCO COMO TRAZO CULTURAL. O CANTE, A MÚSICA DOS XITANOS



“Unha música que nos singulariza cara aos demais e coa que, todos nós, nos sentimos claramente identificados como colectivo humano diferenciado. É simplemente unha expresión cara á que amosamos unha xeral receptividade, tanto anímica coma afectiva. “Unha música calada” que, porén, vibra permanentemente na médoa da nosa cultura como algo vital e transcendente.

Unha “linguaxe” íntima coa que os xitanos flamencos chegamos a entendernos e a facernos entender. Unha expresión que usamos acotío como vehículo das nosas relacións íntimas e interfamiliares, constituíndose entón no expoñente máis significativo da nosa confirmación, en tanto que xitanos”. **Pedro Peña Fernández** (2013).

“... Abrimos (Lole e Manuel) un camiño de creatividade, de ritmos, de formas, de dicir poesía, cando ninguén a dicía, [...] porque o flamenco era o berro do pobo e a xente sentía o que sentía o pobo [...]”.

O flamenco en verdade son vivencias, é o que a ti che pasa todos os días, nosoutros rompemos con eses moldes tradicionais [...]. Evolucionouse moito, pero o flamenco tradicional é moi bonito en xente que é pura, que segue a gardar as bulerías no seu ritmo [...]”. **Lole Montoya Rodríguez** (2004).

“O flamenco é moi difícil de determinar. Do cante xitano si que entendo, pero do flamenco xa non entendo, o flamenco converteuse nun ámbito cultural, nunha música que tomou moitos rumbos. É unha música do mundo, unha música que algúns chaman étnica, e cabe todo [...]”.

...”O cante xitano-andaluz supón a única significación ideal do alcance e validez universal que creou a cultura xitana. É un patrimonio que, se ben arraigado na terra que o viu nacer, é o resultado da labor dalgunhas familias e individuos xitanos que acadaron un fenómeno expresivo de dimensión humanas e artísticas fundado no etnocentrismo xitano”.

Antonio Carmona Fernández (2018).



13

EDUCACIÓN E POBO XITANO

A desguetización, unha materia pendente

O POBO XITANO E A EDUCACIÓN

Comisión de Educación das Organizacións Xitanas (1999).

“As familias xitanas imos formando parte do tramado social, conforme as nosas vivendas, traballos e convivencia social van axudando a situarnos nos mesmos niveis que o resto da sociedade maioritaria, é dicir, imos formando parte da clase traballadora, da clase media, da clase acomodada, á vez que os nosos fillos e fillas van chegando e normalizando a súa presenza en todo o sistema educativo: Primaria, Secundaria, Universidade [...] Hai que evitar segregación, aulas e escolas específicas. (Sen esquecer que unha política de vivenda que concentre aos xitanos nun barrio é á vez unha concentración de nenas e nenos xitanos na mesma escola [...])”.

UNHA OLLADA DESDE DENTRO

“Aos xitanos cómprenos:

1. Dotarnos dunha conciencia histórica que nos faga plenamente conscientes das rupturas que caracterizan a nosa cultura hoxe.
2. Aceptar os cambios necesarios para paliar as nosas carencias culturais que nos sitúen no mundo de hoxe.

O primeiro conséguese mediante a educación, a formación e a capacitación intelectual e profesional. O segundo, cunha pautada, pero firme política social”.

Antonio Carmona Fernández. Profesor Secundaria (2001).

“O neno xitano ha de ver a escola non como a escola de pais, deseñada por pais, pensada para pais, é dicir, como unha escola dos outros, senón que ha de vela tamén como súa, como a escola de todos e para iso a súa verdade, a súa realidade, as de todos teñen que estar reflectidas tanto nos currículos explícitos como nos ocultos, tanto no discurso do titor ou titora como na súa metodoloxía e na ambientación escolar. Pero non soamente ha de estar presente, senón que debe interaccionar potenciando e enriquecendo aos demais e enriquecéndose el, á súa vez, da súa propia identidade e da dos demais. [...]”

Ricardo Borrull Navarro. Mestre (2006).



Adelina Jiménez Jiménez. Primeira mestra xitana en España (2003).

“A escola ten que ser o espazo para que os nosos fillos e fillas adquiran unha experiencia educativa que os prepara e os forme para un futuro mellor, e o noso alumnado xitano non se pode quedar atrás, non é xusto, todos temos que esforzarnos para que se poñan máis medios e máis recursos, para que este alumnado poida superar os índices de abandono e fracaso [...]”.

M^a. Dolores Fernández Fernández. Mestra de adultos (2010).

“... Cando as sociedades avanzadas planifican a educación do seu país non teñen en conta a posible existencia de comunidades cuxa cultura sexa distinta á dominante que lexisla [...]”.

José Heredia Maya. Profesor Universidade (1971).

“Nin as fendas de convivencia entre xitanos e non xitanos, nin os centros educativos que non cren nas posibilidades dos seus alumnos, nin os códigos culturais e lingüísticos en contraposición, nin a eterna loita entre individuo e grupo, impedirán que entre todos consigamos que, de aquí a uns anos, teñamos un montón de xitanos e xitanas cunha axeitada formación profesional ou con estudos universitarios”.

Domingo Jiménez Montaña. Mestre e Pedagogo (2005).

“[...] O medo a “apaiarse” é moi forte nalgunhas familias, sen darse conta de que o ser xitano ou non, non está enfrontado coa educación académica e que, porén, o non coller ese tren pode facer retroceder o avance do Pobo Xitano cara un benestar mellor, e nunha participación maior na sociedade na que, nos guste ou non, xa estamos...”.

Tío Manuel Vizarraga Motos. Fundador da Asociación Kale Dor Kayiko (2005).

“Aquel que non saiba ler nin escribir é un cego”. [...] Son unha muller moderna e considero que todos somos iguais, españois cen por cen. [...] Unha das satisfaccións máis importantes da miña vida é que as miñas fillas sacasen a súa carreira, unha é mestra e a outra avogada. [...]”


Tía Antonia Fernández Jiménez. Bisavoa de 75 anos (2003)

NON ERA ISTO. A AECGIT, CONTRA A PROGRESIVA CLASIFICACIÓN E GUETIZACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

“Cando nos comezos da década dos 80 do século XX [...] se enfrontou, entre outros, o proceso de escolarización xeneralizada da comunidade xitana e se comezou o proceso de progresiva desaparición dos centros específicos. Non dubidamos naquel momento no prioritario: establecer unha rede de centros igualitaria, acabar cos guetos escolares e traballar en todos os centros desde unha perspectiva de educación na diversidade e para a superación da desigualdade. Certo que moitos matices, correccións e contradicións; pero, inexorablemente, as políticas de “educación compensatoria”, de “atención á diversidade” e de “educación intercultural” foron consolidándose como un instrumento indiscutible nesa dirección [...]”.

Pasaron máis de trinta anos e hoxe, ben entrado o século XXI, non podemos (non debemos) asistir impasibles a un proceso que, contrariamente ao perseguido durante tanto tempo, consolida e lexítima a clasificación dos centros escolares. [...]

...Centros que se guetizan, movementos de matrícula que consolidan procesos de segregación escolar, porcentaxes de alumnado que non se corresponden coa diversidade sociocultural do seu barrio ou zona de influencia [...].”



Pero xa hoxe debemos denunciar que este proceso se produce e se agrava. E que esta situación non fai senón fomentar a segregación de poboacións escolares (e, en particular, da xitana), provocar a desigualdade de oportunidades, alentar doutra vez a xeración de imaxes prexuzadas e estereotipadas, dificultar a cohesión social e a convivencia. En suma, atentar contra a equidade e a xustiza social.

Non era isto o que proxectamos entón nin é o que hoxe se merecen os nosos nenos e nenas, a nosa cidadanía, a nosa sociedade”.

Asociación de Ensinantes con Xitanos (2014).

SITUACIÓN ACTUAL

Existen innumerables centros educativos só con matrícula de alumnado xitano. “O apartheid comeza na escola. [...] onde os procesos de concentración se reproducen, tamén para os nenos inmigrantes. Como integralos se están todos xuntos e non se relacionan con outros? ...”

Ana Giménez Adelantado. Profesora Universidade (2010).

“A distancia existente entre a situación educativa da poboación xitana e o resto da poboación contribúe a agrandar a fenda da desigualdade e a exclusión social que presenta unha boa parte desta comunidade.

O nivel educativo da poboación xitana está moi por debaixo do conxunto da poboación española. Existe unha gran fenda educativa entre xitanos e non xitanos. A poboación xitana española incorporouse hai apenas 30 anos ao sistema educativo. En tan pouco tempo, o avance foi enorme, e pasouse da exclusión á escolarización, pasando previamente por unha escolarización separada a través das escolas-ponte. Hoxe podemos falar de que as nenas e nenos xitanos están escolarizados en Primaria, un feito que hai unhas décadas era impensable. Pero a gran fenda educativa amósase con crueza nas posibilidades dos mozos e mozas xitanos de acceder a Secundaria e nas posibilidades de completar os estudos obrigatorios. A fenda comeza a debuxarse en Primaria, pero ábrese antes incluso da finalización da Ensinanza Secundaria Obligatoria, un 65% do alumnado xitano de entre 16 e 24 anos non remata os estudos obrigatorios fronte ao 13% do conxunto do alumnado”.

Fundación Secretariado Xitano (2018).



“Cando se aplican actuacións que realmente funcionan; cando se teñen altas expectativas do alumnado e das súas familias; cando se conta coa participación da comunidade para decidir e ensinar ao alumnado; cando todo isto pasa, as mesmas familias xitanas dos mesmos barrios xitanos comezan a tomar as rendas do seu futuro e do dos seus fillos e fillas”.

Fernando Macías Aranda. Profesor Universidade (2017).

Dous documentos da nosa entidade avogan non só nos datos cuantitativos para mellorar a situación actual, senón tamén noutros aspectos para unha educación de calidade:

- “Promover a Igualdade, recoñecer a diversidade. A cultura xitana é un Currículo intercultural e inclusivo” (2018).
- “Se non é Inclusiva, non é Educación” (2019).
- “As cousas, polo seu nome. Educar contra o Antixitanismo, un imperativo moral e pedagóxico” (2022).

14 SITUACIÓN XERAL DA POBOACIÓN XITANA ESPAÑOLA

REFLEXIÓNS

“Toda reflexión sobre os xitanos debería comezar ou rematar con esta pregunta: Cantos e quen son os xitanos? A identidade, o recoñecemento propio e o recoñecemento mutuo é unha tarefa abafante, quizais, sen sentido, cando non “perigosa” para o sistema social imperante, que expulsa e denigra o que non pode asimilar ou deglutir, que acepta a diversidade só se esta contribúe á preservación e á regulación do sistema”.

Antonio Carmona Fernández (2005).

Podemos ver ao longo dos paneis que mantiveron historicamente unha **cultura propia diferenciada**: estrutura familiar, sistema de valores, organización social, lingua e cultura.

“Os xitanos nunca emprenderon unha loita polo recoñecemento institucional nin social. Nin competimos nunca con outras colectividades, nin tan sequera convivimos do todo, pois non se pode chamar convivencia á asimilación, ou ao desclasamento, ou á marxinação que sufrimos. Aínda que esta marxinação ten distintos niveis: sempre houbo xitanos e hoxe hai moitísimos que gozan dunha posición social ou económica acorde ou incluso elevada. Tratantes, artistas, agricultores, artesáns, obreiros, comerciantes, profesionais, etc. que viviron ou viven a súa identidade ferozosamente, sen complexos e convivindo sen maiores problemas cos non-xitanos”.



Antonio Carmona Fernández (2005).

“É unha poboación heteroxénea, integrada por persoas que viven en situacións socioeconómicas diversas e en contornos xeográficos dispares, e como os diferentes grupos romanís se viron influídos polas respectivas culturas e tradicións dos países nos que viven, non se pode falar da existencia dunha única forma de ser xitano ou xitana, dunha única cultura romaní. A cultura romaní amosa unha serie de elementos comúns á vez que difire nas súas concrecións duns países a outros ou incluso dunhas rexións a outras...”

Nicolás Jiménez González (2002).

ASPECTOS XERAIS E DEMOGRÁFICOS

A poboación xitana española está **sedentarizada**, estimándose arredor de **725.000-750.000** persoas (aprox. o 1,5 % da poboación española total, datos estimados ao non existir censo debido ao Art. 14 da Constitución). Un salientable estudo encargado pola Administración central recompila toda a información existente e conclúe que estarían entre os **500.000 e 1.000.000**. Os datos cuantitativos de poboación xitana sempre son aproximativos.



Distribúense de maneira desigual por todo o territorio español, residindo, particularmente, nas grandes cidades como Madrid, Barcelona, Sevilla, Granada, Valencia, Zaragoza e Murcia. A maior concentración dáse en Andalucía (entre o 38 e o 52%), tamén en Valencia e Cataluña, seguidas da Comunidade Madrileña e Estremena.

Os factores históricos que relatamos construíron unha serie de estereotipos e prexuízos sobre a cidadanía xitana española que, a día de hoxe en moitos casos, seguen a terse desta minoría étnica: unha imaxe de marxinalidade, negándose a súa cultura por non cumprir os “clixés”.

Todo iso levou a un sector significativo da poboación roma-xitana a constituír un dos **grupos sociais máis desfavorecidos** concentrados en barrios vulnerables onde se culminan os procesos de exclusión social e discriminación; con dificultades para acceder e utilizar os sistemas de protección social -educación, vivenda, emprego, saúde e servizos sociais-, así como a súa participación na vida pública en situación de igualdade, o que se traduce nunhas condicións de vida con indicadores por debaixo da media do resto da poboación española.

Ao mesmo tempo, invisibilizouse a unha parte importante desta poboación que non vive en contextos de hábitat e traballo de exclusión, con estudos e niveis de clase media ou superior: rama socio-educativa, avogacía, rama socio-sanitaria, artistas, familias de anticuarios, outros oficios cualificados, etc.

A sociedade maioritaria segue a negar o valor á **cultura xitana, que descoñecen fóra dos estereotipos**, desde un racismo soterrado que agora se denomina **antixitanismo**. As relacións familiares foron sempre un factor clave nas estratexias de **resiliencia** e resistencia fronte á discriminación social e o rexeitamento, tanto a nivel grupal como individual que recibiu a poboación xitana.




As pirámides demográficas da poboación xitana e da poboación xeral demostran unha serie importante de aspectos a ter en conta (FSG 2018):


■ A poboación xitana é moito máis nova que o total nacional, o **66% da poboación xitana é menor de 30 anos, fronte ao 30%** da poboación xeral.

■ Entre a poboación xitana detéctase unha **asimetría por xénero** inexistente no total poboacional, sobre todo entre **10-19** e os **20-29** anos, sendo superior os varóns. Pero reducíndose a partir desta idade, igualándose ata os 39 anos e despois pasan a ser menos os varóns que as mulleres.

PIRÁMIDE DEMOGRÁFICA POBOACIÓN XITANA -POBOACIÓN XERAL



MULLER - POBOACIÓN XITANA- HOME



MULLER - POBOACIÓN XERAL- HOME

Segundo o mesmo estudo da FSG, os fogares xitanos contan cun maior número de familiares que a poboación xeral:

- Na poboación xitana case o 50% dos seus fogares están formados por dúas persoas adultas con descendentes. Na poboación xeral baixa a un 32% de fogares con estas características.
- Existe unha maior inactividade entre as mulleres xitanas debido á responsabilidade familiar.

Outros datos que se poden sacar do anterior estudo son (FSG 2018):

- O 17% de persoas xitanas teñen Estudos Secundarios Obrigatorios ou superiores, fronte ao 77% da poboación xeral. O 3% de mulleres xitanas e o 5% dos varóns xitanos teñen estudos superiores á ESO fronte ao 50% da poboación xeral.
- Os niveis educativos aumentaron notablemente nos últimos anos na poboación xitana. Desde o ano 2005 mellorouse en 13 puntos porcentuais con relación aos estudos secundarios ou superiores e un descenso de case o 35% en persoas xitanas sen estudos.
- Aínda tendo en conta estas mellorías, o 14% da poboación feminina xitana e o 6% da masculina é analfabeta, diminuíndose notablemente entre os máis novos.
- A poboación xitana ten menores niveis de ocupación e maiores niveis de desemprego que a poboación xeral. A taxa de actividade é similar, principalmente porque a poboación xitana é máis nova e deixa de estudar antes que a poboación xeral.



OUTROS DATOS:

- **Ampla vida laboral e precariedade no traballo.** Atopámonos desde un “teito limitado de emprego pola baixa cualificación” a posicións profesionais e económicas acomodadas.
- **Saúde.** O estado de saúde percibido é, en termos xerais, pero presenta peores resultados que o resto da poboación a nivel global (**Rede Equi-Sastipen-Rroma-2018**). Ademais, en múltiples indicadores obsérvase un empeoramento do estado de saúde en función da posición socio-económica. Por regra xeral, as mulleres (sexan xitanas ou non), contan cun peor estado de saúde que os homes. Preséntanse máis enfermidades, unha velez prematura e incluso menor esperanza de vida.
- **Existe persistencia de infravivendas e guetos habitacionais.** Gran parte deste terzo da poboación xitana en exclusión social vive en barrios periféricos, marxinais, existindo aínda casos de chabolismo incluso vertical.
- **Case 50.000** persoas xitanas inmigrantes procedentes doutros países da U.E., sofren aínda maior exclusión e estigmatización.

15 XITANOS HOXE

A xuventude

Asociacionismo

Militancia política

A XUVENTUDE

Viñemos vendo a heteroxeneidade do pobo xitano nos distintos paneis, pero é grazas á xuventude e á muller que, sen perder os seus trazos de identidade, van rompéndose estereotipos, barreiras e mitigando prexuízos tanto cara a poboación maioritaria como cara ás súas propias familias, demostrando que se pode estudar e traballar en calquera ocupación sen “deixar de ser xitano ou xitana”.

O liderado do cambio vén protagonizado pola xuventude e aínda máis pola muller nova. Lembramos que a poboación xitana é unha poboación nova; de aí a importancia deste grupo para a avaliación da súa propia cultura sen perder as raíces.



“Segue a existir segregación na escola, o racismo cara a comunidade xitana nas escolas persiste, provocando o rexeitamento e a discriminación do pobo xitano novo, ademais de que nas escolas que teñen un elevado número de nenos e nenas xitanas o nivel da calidade da educación diminúe”. **European Roma And Travellers Forum** (2016).

Cada vez existen máis persoas xitanas formadas que acceden a unha gran heteroxeneidade de empregos e profesións: avogacía, ensinanza formal e non formal, acción social no ámbito público-privado-ONGs, sanidade, periodismo, hostelería, servizos... desenvolvéndose tanto ocupacións tradicionais (como pode ser a venta ambulante), como innovadoras (blogueiros, youtubers).



“A xuventude da comunidade xitana é probablemente a que máis dificultades ten nas posibilidades de acceso e uso das tecnoloxías. Entre os nenos e nenas da comunidade xitana é habitual ter móbil, pero non así ordenador ou acceso a internet

garantido, o que se traduce nunha falta de competencias tecnolóxicas con consecuencias para a integración e o acceso ao ámbito laboral”. **UNICEF** (2018).

“Gustaríame facer un chamamento a aqueles xitanos mozos, estudantes, traballadores, para que dean un paso ao fronte e lideren o proceso de achegamento á promoción da interculturalidade. Que non agarden a que “as asociacións” tomen o liderado para facer proxectos, senón cada unde nosoutros, desde as nosas posicións e perspectivas, sexamos quen de elevar a nosa voz, de tomar protagonismo. Xamais atoparemos mellores posibilidades que as que temos agora. Este momento chegou. Ese momento é agora”. **Juan R. Flores Campos** (2015).



ASOCIACIONISMO

“En España xorde como iniciativa oficial da Igrexa Católica en 1958, concretamente coa creación dos estatutos fundacionais para a obra pastoral e asistencial a prol dos nómades, animados polo Concilio Vaticano II nacen nos anos 60 os Secretariados Xitanos con vocación de ofrecer de maneira específica ás persoas xitanas asistencia relixiosa e social” (FSG). Será desde 1960 a 1970 cando se desenvolverán os primeiros Secretariados Xitanos, organizados e dirixidos polas autoridades eclesiásticas con algunha participación de xitanos e xitanas”.

“Non é ata decembro de 1964 cando se aproba a Lei de Asociacións. En 1966 (Barcelona) créase o primeiro Secretariado Xitano”. **Luis Cortés Tirado e Humberto García González** (1999).



O verdadeiro movemento asociativo desenvólvese nos 70, ao naceren varias asociacións de carácter civil e aconfesional, mantense daquela primeira época a Asociación Nacional Presencia Xitana (Madrid 1972) e a Asociación Villela Or Chivé (Sevilla 1978, hoxe como “Villela Or Chavorro”).

■ **NOS ANOS 80 SEGUEN A NACER DISTINTAS ENTIDADES QUE TRABALLAN CON E PARA O POBO XITANO. Por exemplo:**

- 1as. Xornadas de Ensinantes con Xitanos (Huesca, 1980), rexistrándose como entidade en 1986.
- En 1983 nace a Asociación Secretariado Xeral Xitano, (desde 2011 Fundación Secretariado Xitano –FSG-).
- En 1984 nace a primeira Federación de Asociacións Xitanas... a galega.
- En 1986 a Unión Romaní.
- Y así sucesivamente por todo o territorio español.

“Nos anos 90 o movemento asociativo xitano fundaméntase en: reivindicar o dereito á participación, participar desde a idea de asociacionismo real, creación de máis federacións e asociacións, formación en mediación intercultural, carácter mediador das accións”.

Mª Paz Peña García (2017).

“Nesta etapa créanse tamén a maior parte das asociacións de mulleres xitanas, dando un pulo ao papel das mulleres, tanto dentro como fóra do seu ámbito cultural”.

Carmen Méndez López (2005).

Unha das entidades pioneiras é a Asociación de Mulleres Xitanas Romi (Granada 1990).



O meirande salto no asociacionismo realizase a partir da entrada do novo milenio. O asociacionismo xitano, ao igual que a poboación xitana, é moi heteroxéneo, atopándonos unha gran variedade de tipo de entidades xitanas: culturais, sociais, reivindicativas, socioeducativas, etc.

En 2005 créase o **Consello Estatal do Pobo Xitano**, órgano colexiado interministerial, consultivo e asesor, adscrito a un Ministerio (Dereitos Sociais e Axenda 2030 en 2019). A través deste Consello confírese un carácter institucional á



colaboración e cooperación do movemento asociativo xitano coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento de diferentes políticas, que posibilitan a promoción integral da poboación xitana. No dito Consello participan 20 asociacións e entidades xitanas que representan ao movemento asociativo xitano de todo o territorio español.

MILITANCIA POLÍTICA

Houbo dúas maneiras de propoñer desde dentro do movemento asociativo xitano o ter representación política no Parlamento e o Congreso:

■ Ter un partido propio para acceder a eleccións: “Os xitanos necesitamos unha organización política propia que se presente ás eleccións que leve a nosa voz ás institucións onde se toman as decisións que determinan en gran medida a nosa existencia e o noso futuro, onde poidamos, ademais, achegar as nosas ideas e a nosa visión das cousas ao conxunto da sociedade da que formamos parte...” **Agustín Vega Cortés** (2006).

■ Defender as cuestións xitanas desde dentro dos partidos políticos españois.

Sen dúbida algunha o referente xitano español ata agora en política é Juan de Dios Ramírez Heredia, ao primeiro pertencendo a UCD e posteriormente ao PSOE. Estivo como deputado por Barcelona na lexislatura constituínte (1977-1979) e na 1ª (1979-1982) e a 2ª (1982-1986), como deputado por Almería. A partir deste ano e ata 1999 foi deputado ao Parlamento Europeo.



A militancia política “visible” deu un salto vertixinoso gón relación á representatividade do pobo xitano, pasando de ser un dato anecdótico a unha “moda” o feito de incorporar a persoas xitanas en diferentes listas electorais. Na actualidade, parece que se están a crear os cimentos para ser unha realidade tras as eleccións de 2019. Un avance moi lento, escaso, pero positivo.

■ **NESES ANOS ERA JUAN DE DIOS O REPRESENTANTE MÁIS COÑECIDO, PERO ATA O ANO 2005 HAI OUTROS XITANOS MENOS NOMEADOS:**

- **Antonio José Heredia Ortega**, concelleiro polo PP durante case 10 anos no concello de La Línea de la Concepción.
- **Manuel M. Bustamante Bautista**, deputado polo PP nas Cortes Valencianas (2000-2015).
- **Francisco Saavedra Santos**, deputado polo PSOE na Asemblea de Estremadura (2004-2011).

■ **A DITA MILITANCIA CHEGOU A UNHA DESAS PROPOSTAS: A CREACIÓN DE DOUS PARTIDOS POLÍTICOS XITANOS (ÁMBOLOS DOUS CON POUCA TRANSCENDENCIA):**

- **Partido Nacionalista Caló (PNCA)**, Barcelona (1999).
- **Alianza Romaní (ARO)** Zafra (Badaxoz-2004).

De seguido poñemos algúns exemplos de representatividade:

■ **LISTAS EUROPEAS:**

- Patricia Caro Maya (2019)
 - Juan R. Flores Campos (2019).
- Ningún foi elixido.

■ **CONGRESO DOS DEPUTADOS:**

- Beatriz M. Carrillo de los Reyes (2019-2023).
- Juan José Cortés Fernández (2019-2019).
- Ismael Cortés Gómez (2019-2023).
- Sara Giménez Giménez (2019-2023).
- Andrés Núñez Jiménez (1 trimestre 2019).
- Silvia Heredia Martín (2016-2019).



■ **COMUNIDADES AUTÓNOMAS:**

Catro con cargos e nas listas Carlota Santiago Camacho (deputada na Asemblea de Madrid e senadora por designación autonómica, 2019-2021).

■ **CONCELLOS:**

A pioneira foi Mª del Carmen Carrillo Losada (concello de Xaén, 1999-2003). Despois existe un longo listado de persoas xitanas que foron nas listas de diferentes partidos. Outros exerceron a súa acta nalgún momento, aínda que agora non o estean e outros non o conseguisen. O balm desenvólvese despois das eleccións de 2015.



16 MULLERES XITANAS

“OPRE ROMNIA” ❖ “¡ARRIBA, MULLERES!”

“As mulleres xitanas xogan un papel fundamental tanto para a transmisión da cultura xitana, como tamén para a adaptación aos novos tempos, sen perder a nosa esencia, polo que cremos firmemente que calquera cuestión que se aborde con relación aos xitanos e xitanas, da súa cultura, os seus costumes, a súa arte ou modos de expresión e promoción en todos os aspectos, ten que ser necesariamente contemplado desde a perspectiva de xénero, dando ás mulleres xitanas un lugar preferente no referido á conservación, desenvolvemento da cultura xitana e promoción dos xitanos e xitanas en xeral”.

“As mulleres xitanas atópanse nun proceso de cambio e consecuentemente débense nunha crise necesaria para dar lugar a unha nova identidade de muller xitana que sexa o resultado de “manter todas aquelas tradicións de maneira que nos permiten evolucionar...”



“... Cambiaron a maneira de verse elas mesmas na súa propia cultura, son conscientes de que teñen máis liberdade, creceron persoalmente, teñen mellor calidade de vida, adaptáronse aos novos tempos na forma de vestir e son máis autónomas, pero consideran que falta moito por conseguir e que teñen que seguir mellorando en todos os aspectos”.

KAMIRA, Federación Nacional de Asociacións de Mulleres Xitanas (2015).

“AS MULLERES NON XITANAS COMEZAN A CONQUISTAR NOVOS TERREOS QUE AÍNDA QUEDAN AFASTADOS PARA ALGUNHAS MULLERES XITANAS, ANALICEMOS ALGUNHAS DESTAS CARACTERÍSTICAS”:

❖ **Autonomía;** para as mulleres non xitanas é un valor, mentres que para as mulleres xitanas segue a ser un contravalor.

❖ **Desenvolvemento persoal;** nas mulleres non xitanas comézase a fomentar procesos e proxectos individuais, mentres que para as xitanas seguen a ser indiscutibles os proxectos grupais e de familia, sendo estes os que che dan recoñecemento dentro do grupo.

❖ **Cidadanía;** as mulleres non xitanas comezan a interiorizar unha cidadanía de calidade, con dereitos e deberes, promovendo o seu desenvolvemento persoal. Nas mulleres xitanas a participación social de calidade aínda ten déficit”.

Carmen González Cortés (2005).

“Opre Romnia” “Arriba, mulleres!” é o noso berro de guerra, o que xorde das entrañas... Necesitamos que nos nomeedes, que nos inclúades na vosa loita. Nosoutras... temos unha voz propia...”

M^a José Jiménez Cortiñas (2018).

Para falar da muller xitana tal e como se merece, sería necesario unha exposición deste calibre co dito título. Sempre foi o “motor invisible” en moitos aspectos da evolución da cultura, pero aínda queda un longo camiño que percorrer para acadar esa igualdade real, visibilidade e a ruptura de estereotipos e prexuízos.

PROCESO DE CAMBIO ❖ “FUN CONSCIENTE DOS PROBLEMAS QUE SUPUÑAN NON ENCAIXAR COS MOLDES, DEFENDÍA SEN RESERVAS QUE ERA POSIBLE SER XITANA E TER UN LUGAR NA SOCIEDADE. FOI A LOITA MÁIS TITÁNICA QUE TIVEN: SEGUIR SENDO XITANA SEN PERDER A MIÑA IDENTIDADE”.

Moitas xitanas están conseguindo acadar os seus logros, máis aló dos roles de xénero asignados tradicionalmente, sen quedaren atrapadas nos mandatos externos e, no posible, sen ter que pagar un prezo demasiado alto por decidir por si mesmas. Coexisten realidades diversas entre as mulleres xitanas e é difícil transmitilas sen caer en simplificacións estereotipadas.



Séfora Vargas Martín (2017).

“... o noso primordial papel é crear análise crítica dentro da comunidade xitana, iso que da tanto medio hoxe en día, pero que nosoutras cremos que se necesita dentro da nosa comunidade, e que realmente sexan os novos, os xitanos e xitanas, o que realmente despois desta análise crítica, comecen a dicir que é o que queren, que é o que queremos, que non sexa eu... a que lles diga aos xitanos o que necesitan, porque estamos moi acostumados os xitanos a que no lo digan...”.

Paqui Perona Cortés (2019).

“... Aínda queda moito camiño por percorrer: bótanse de menos as voces xitanas neste discurso; xente que sexa quen de facer ver que hai que respectar as nosas tradicións, pero desde a igualdade. Non me gusta iso de ter que escoitar aínda que eu teño que saber onde está o meu sitio, por que non pode ser o meu sitio o mesmo que o do meu home?...”

Vanessa Jiménez Jiménez (2018).

“... Eu quero mellor falar de retos. O maior é o antixitanismo de Estado que impide que nosoutras poidamos acceder aos nosos dereitos en igualdade de condicións que o resto de mulleres e homes. O noso principal reto, ou polo menos para min, o máis importante, é o dereito á educación, é o principal a romper, porque sen acceso á educación, non temos acceso ao emprego”

Patricia Caro Maya (2019).

Cómpre seguir cara adiante, co apoio tamén dos homes xitanos, das súas familias e da sociedade en xeral... Pero aínda existen outras fochas polo camiño.

DOBRE DISCRIMINACIÓN ❖ Primeiro por ser muller e segundo por ser xitana, ademais doutros clixés.

“É xusto afirmar que a muller xitana é “A Educación”, en maiúsculas; é o elo máis forte, férreo e, á vez, flexible, da nosa comunidade. As mulleres xitanas contamos cunha gran capacidade



resiliencia e unha flexibilidade necesaria para desenvolver a habilidade de atopar subterfuxios que sortean obstáculos e as discriminacións presentes na vida cotiá de calquera persoa xitana. Intelixencia en estado puro!”.

María Rubia Jiménez (2018).

“Un dos grandes problemas da discriminación é que as vítimas acaban por asumir que deben ser discriminadas, como cando as seguen polos corredores do supermercado”.

Cortés Muñoz Muñoz (2017).

“Somos xitanas e xitanos invisibles que non respondemos á expectativas que, desgraciadamente aínda hoxe, se ten do noso pobo: persoas marxinais, analfabetas ou con escasa cultura, formación e educación, procedentes de comunidades socialmente desfavorecidas, inseridas nunha estrutura familiar pechada e endogámica, habitualmente relacionados con actividades económicas depauperadas e con tendencia á delincuencia e marxinalidade. Calquera de nós que non cumpra con esas expectativas é inmediatamente non visibilizada como xitana”.

Gertrudis Vargas de la Orden (2019).

“... Aínda que rompa os estereotipos asociados a unha muller xitana, existen moitos xitanos iguais ca min, o que pasa é que iso non é nova, somos invisibles...”

M^a del Carmen Cortés Amador (2014).

MELLORA DA SITUACIÓN ❖ “É o momento de facernos visibles, tanto dentro da nosa cultura como na sociedade maioritaria, para poder chegar a ser as mulleres do século XXI. É o momento de conquistar espazos de poder e decisión en calquera ámbito ou sector que o desexemos. As mulleres xitanas estamos



preparadas porque valemos, queremos e podemos...”

... Hoxe comeza un camiño que nos brinda a oportunidade de mellorar a situación de moitas mulleres que non tiveron voz durante moitos séculos. Malia as dificultades que leva consigo romper co establecido, estamos convencidas de que o imos acadar. Todas xuntas. Sen medo á liberdade”.


Extracto do Manifesto lido no congreso polo Foro de Mulleres do Instituto de Cultura Xitana, Madrid (2008).

“... A muller xitana adoita ter máis dificultades para acceder á universidade ca un xitano varón... A muller xitana ten certos deberes na sociedade, pero demostrouse que as que acceden a estudos superiores acadan un maior éxito académico”.

Selene de la Fuente García (2019).

“A revolución feminista chegou a todas as mulleres e agora é o momento de que as xitanas tomen ese relevo”.

Celia Gabarri Hernández (2019).




“É o momento das mulleres e é o momento das mulleres xitanas” [...]. “A ideoloxía do feminismo, ou dos feminismos, vai nesa dirección: é para todas as mulleres e ademais contemplando a interseccionalidade”.

Carla Santiago Camacho (2019).

LÍDERES ❖ Son moitas as mulleres xitanas líderes, referentes, diversas e presentes no ámbito socioeducativo, deportivo, artístico e cultural; é dicir, relacionadas con calquera ocupación que poidamos imaxinar, con voz propia na sociedade civil e nos movementos sociais. É moi difícil mencionalas a todas as que debemos ter en conta tanto as que levan décadas loitando como as que levan menos tempo sendo “visibles loitadoras”.

A Federación Rede Artemisa, co seu traballo, bo facer e constancia, conseguiu ser referente positivo fóra da súa comunidade, rompendo estereotipos e prexuízos e achegando as diferentes culturas; e, así mesmo, dentro da súa comunidade como abandeirada do pleno desenvolvemento de todas as persoas xitanas.



17 DIVERSIDADE CULTURAL, INTERCULTURALIDADE E CONVIVENCIA

DIVERSIDADE CULTURAL

“Os pobos non poden quedar illados. Temos moitas cousas en común: loitamos polos mesmos dereitos, protexemos aos máis febles e escoitamos palabras sabias. [...]”

A estratexia da convivencia foi a interculturalidade. O menos malo de todos os intentos por acadar o respecto á dignidade dos seres vivos e a loita contra a prohibición das culturas. [...]

E aínda que cada un poida ter a súa propia idea sobre o que é a igualdade, a nosa igualdade debe ter as súas raíces na ausencia do esquecemento, pero tamén na mirada cara ao horizonte da convivencia.

Non podemos consentir obstáculos para o diálogo entre as culturas, pois non é máis ca o traballo continuado para o éxito social”. Antonio Vázquez Saavedra (2015).

“Agora, ben, a escola ten que educarnos para ser diferentes ou iguais? Eu creo que a tarefa da escola é formar persoas capacitadas, libres, con criterio e con capacidade de comprender o mundo no que vive, e de comprenderse a si mesmo.



Nese sentido, ten que educarnos para ser iguais en dereitos e en obrigas, pero sen esquecer que fóra da escola non o somos, e debe evitar que dentro da aula se reproduzan os aspectos máis negativos desas diferenzas. Así, a escola ten que ter un axente activo contra os prexuízos, contra os tópicos, o racismo, o machismo, o clasismo, a incompreensión, a violencia, e as ideas políticas violentas que a defenden [...]



“...a cultura se é tal, non pode ser un obstáculo para o desenvolvemento e progreso das persoas. Pero, ademais, hoxe en día, a identidade xitana só poderá sobrevivir se se dota da forza da cultura sen adxectivos, se os seus membros son persoas cualificadas, libres e independentes e poden exercer a súa xitanidade con orgullo e dignidade”.

Agustín Vega Cortés (2006).

A diversidade non debe ser nunca un pretexto para a segregación nin a desigualdade: a diferenza cultural non é a causa da discriminación, senón unha das máscaras que a disfrazan. Todas as culturas son:

- **Dinámicas:** teñen unha traxectoria histórica.
- **Heteroxéneas:** en todo grupo humano existe unha diversidade e pluralidade enormes e cada persoa é singular.

INTERCULTURALIDADE E CONVIVENCIA

“[...] A escola intercultural que queremos para o pobo xitano é tamén a escola que queremos para todos e todas. Unha escola intercultural, inclusiva, pública, laica, igualitaria e coeducativa é a mellor escola, a que desexamos para toda a nosa sociedade. É tamén a que merece a comunidade xitana”.

Xavier Lluch I Balaguer (2019).

“Non se trata en absoluto de abandonar o que podemos ofrecer en canto aos coñecementos que impartimos, trátase de saberse vulnerable, é dicir, como sempre, de buscar puntos de acordo que abran o saber, que permitan a consideración a outros saberes e o respecto a outros mestres [...]. Non se trata de elixir por eles. Trátase de andar xuntos, cada un á súa maneira, polo mesmo camiño”.

Teresa San Román Espinosa (1997-2010).

A finalidade da mediación intercultural é construír unha sociedade intercultural, é dicir, transformar a comunicación e a relación entre persoas e grupos de culturas diversas para que sexa posible, en palabras de Bruno Ducoli, “unir sen confundir e distinguir sen separar” (2002).

DECÁLOGO PARA UNHA EDUCACIÓN INTERCULTURAL

- I. Educarás na convicción da igualdade humana e contra todo tipo de exclusión.
 - II. Respetarás a todas as persoas, pero non necesariamente todos os seus costumes ou as súas actuacións.
 - III. Non confundirás a interculturalidade co folclorismo.
 - IV. Facilitarás unha construción identitaria libre e responsable.
 - V. Tomarás as aprendizaxes como medios ao servizo dos fins educativos.
 - VI. Esforzaraste para que todas as actividades de aprendizaxe sexan significativas para todos, especialmente para o alumnado dos grupos minoritarios.
 - VII. Non caerás na tentación das agrupacións homoxéneas de alumnado.
 - VIII. Non colaborarás na creación nin na consolidación de servizos étnicos.
 - IX. Evitarás os xuízos temerarios sobre as familias do alumnado.
 - X. Recoñecerás a túa ignorancia, os teus prexuízos e os teus estereotipos, e a necesidade dunha formación permanente específica.
- Francesc Carbonell I Paris (2000).



PROMOVER A IGUALDADE, RECOÑECER A DIVERSIDADE.

■ A CULTURA XITANA É UN CURRÍCULO INTERCULTURAL E INCLUSIVO.

O currículo é un ámbito fundamental para a intervención educativa. Acotío nos propoñemos en que medida unha boa intervención curricular podería axudarnos no noso obxectivo dunha boa educación para todos e todas e, en particular, para a comunidade xitana.

1. Non é posible unha boa intervención curricular nun contexto de desigualdade.
 2. Un bo currículo para todos e todas tamén o será para a comunidade xitana.
 3. Un currículo intercultural e inclusivo non é un listado de temas senón un conxunto de prácticas.
 4. Un currículo intercultural e inclusivo implica unha maneira de entender o coñecemento.
 5. O currículo intercultural debe ter moi presente o currículo oculto.
 6. Un currículo intercultural e inclusivo debe atender moi especialmente aos aspectos metodolóxicos.
- Asociación de Ensinantes con Xitanos (2018).



■ PAPEL SOCIAL E CULTURAL DA ESCOLA

1. Dar prioridade a unha educación na convivencia e na tolerancia, sempre que quede ben patente que isto non pode nunca ser un simple pretexto para abandonar os obxectivos escolares no seu conxunto.
2. Facer diminuír progresivamente a dependencia da poboación, cooperando neste propósito con outros profesionais coas organizacións da xente.
3. Conseguir a máis temperá escolarización recomendada dos nenos nas gardarías e escolas, de maneira que non se perpetúen problemas de racismo, de nivel, de segregación, que poden resolverse con máis probabilidades de éxito nos primeiros anos de vida.
4. A escola tería que ser, naturalmente, mixta, pero coidando escrupulosamente que todas as escolas da súa contorna o sexan. O fracaso de moitas experiencias pluriétnicas debe adxudicarse en gran medida á existencia dunha única escola que acepta poboación de distintos grupos étnicos minoritarios e os “casos perdidos” da maioría que o resto das escolas se manteñen monoétnicas, maioritarias e gañan prestixio a costa do desprestixio realista da escola aberta. Cómpre evitar esa concentración étnica artificial.
5. A escola ten que ser aberta ao mundo e á contorna. E non abonda con facer declaracións de “manter cultura”, “potenciar os seus recursos sociais”, “incorporar a súa diferenza á sociedade”...



6. Unha das cousas para min máis claras é que moitos dos problemas que os educadores están salientando como problemas de interculturalidade, non son problemas de interculturalidade, senón de estatus e sobre todo son problemas de marxinação social. Iso non significa que non existan problemas de interculturalidade, en absoluto, existen. Mais resulta que estes problemas de interculturalidade son distintos segundo se trate de xente que é marxinal ou xente que é agregado de embaixada.

Serán os xitanos os que decidan que despegue histórico queren facer. E penso que, en España, máis ca en ningún outro país de Europa, se dan circunstancias que, na súa conxunción, permiten pensar nunha oportunidade única na historia. A circunstancia dun número imparablemente crecente dos xitanos e xitanas integrados, preparados para afrontar as tarefas e responsabilidades necesarias, xunto ás circunstancias dunha estrutura estatal que recoñece a pluralidade de nacións, tradicións e diferenzas culturais e permite a súa implementación política no seo do Estado. Unha tarefa que, se chegasen a decidir empredela, sería sen dúbida a través dun camiño longo e espiñoso.

Teresa San Román Espinosa (1999).

18

TEMPOS ACTUAIS: ENTRE SOBRESALTOS RACISTAS E NORMATIVAS ESPERANZADORAS

■ No **Informe do Relator Especial** sobre a extrema pobreza e os dereitos humanos da ONU, Philip Alston, trala súa visita a principios do ano 2020 a España, salienta: *“Despois de anos de plans e indicadores sen dúbida ben intencionados, os índices de pobreza da poboación romaní seguen en niveis deplorables. Os poderes públicos deben mobilizarse con urxencia para solucionar esta crise”*.

■ A **Cañada Real Galiana** (Madrid) é actualmente un dos contextos máis asociados á marxinação da Comunidade de Madrid. A carencia de servizos e subministracións básicas, xunto co tráfico de drogas e o illamento xeográfico das zonas agudizan a complexa problemática da zona. Desde outubro de 2020 parte deste núcleo poboacional está sen luz. O Relator da ONU, o Defensor do Pobo, entidades sociais, etc. levan tempo denunciando o abandono. En outubro de 2022 o Comité de Dereitos Sociais do Consello de Europa instou ao Goberno español a que restableza de inmediato a subministración eléctrica ás ditas zonas.

Estas circunstancias evidencian que, malia a sinatura do Pacto Rexional pola Cañada Real Galiana (17/05/2017), as condicións destas familias non melloran e o compromiso político das distintas administracións públicas debería afianzarse e acelerarse cos plans aprobados.



Manifestacións de familias que viven na Cañada Real Galiana

■ **Ataques racistas contra as familias xitanas en Peal de Becerro (Xaén) e de Íllora (Granada) –verán 2022.**

Repudiamos, dóennos e nada pode xustificar as pelexas e a morte de dous mozos, nas que interviñeron persoas xitanas, e onde a xustiza debe impoñer a lei e a condena a quen cometeu os homicidios. Pero nada xustifica que se tome a xustiza pola súa man unha multitude violenta contra as familias xitanas destas poboacións, que nada tiveron que ver nesos feitos, acosadas e ameazadas responsables dun delito que non han cometido. En Peal de Becerro foron queimados as súas casas e vehículos e, ameazadas de morte, tiveron que irse do seu pobo.

A pasividade e a non intervención axetada dos responsables e forzas de orde público (non houbo detencións nin se tomaron datos dos actores materiais que queimaron e destruíron casas e vehículos) levan á pervivencia dun antixitanismo, onde calquera falta dunha persoa xitana se lle atribúe a todo o pobo xitano.



Unha xeneralización racista por parte da sociedade maioritaria, que segue fixándose no prexuízo e a amplificada imaxe dos que aínda sobreviven en barrios e asentamentos suburbanos, marxinaos e segregados por unha discriminación estrutural que as administracións non solucionaron.

Esta violencia e racismo contra as familias xitanas, por unha parte da cidadanía, son inaceptables nun **Estado de Dereito** e non teñen cabida nunha sociedade plural, diversa e democrática como a nosa.

DOCUMENTOS DE ACTUALIDADE

■ O **30/12/2020** publícase a **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, de **Educación (LOMLOE)**. Por primeira vez nunha lei orgánica de educación faise mención ao pobo xitano: *“Valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos e prevención e resolución pacífica de conflitos: do mesmo xeito, considerarase o estudo e respecto doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano e doutros grupos e colectivos, contribuíndo á valoración das diferencias culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos”*.



Alumnado xitano do Programa Kumpania na Comunidade Valenciana, setembro 2022

■ O **19/03/2021** se publícase no D.O. da UE a **Recomendación do Consello de 12 de marzo de 2021 sobre a igualdade, a inclusión e a participación da poboación xitana**. Propón que os estados membros acheguen marcos estratéxicos nacionais para a inclusión da poboación xitana, unha serie de obxectivos horizontais (igualdade, inclusión e participación) e obxectivos sectoriais (acceso a educación xeral, inclusiva e de calidade; acceso a emprego sostible e de calidade, etc.).

■ O **8/04/2021** conmemorouse o **Día Internacional do Pobo Xitano e o 50 aniversario do I Congreso Mundial Xitano** que tivo lugar en Londres. Neste congreso establecéronse os símbolos como pobo (a bandeira xitana, o himno “Gelem-Gelem”, a palabra “Romaní” como forma de definirse a si mesmo e o “romaní” como a lingua común).



I Congreso Internacional Romaní, Londres, 8 de abril de 1971. Entre outros, Juan de Dios Ramirez e o actor Yul Brynner

■ O **02/07/2021** abre as súas portas o **“Centro de Interpretación Camarón de la Isla”** (San Fernando-Cádiz), coñecido como o **“Museo Lenda Camarón”**. Un espazo expositivo dedicado ao cantaor José Monje Cruz, Camarón de la Isla, o fillo máis predilecto e ilustre desta localidade. A súa apertura coincidiu co 29 aniversario do seu pasamento.

■ En **novembro de 2021** apróbase a nova **Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030**. A avaliación da anterior Estratexia (2012-2020) carecía de indicadores e avaliacións independentes. Na nova etapa da Estratexia 2021-2030 terían que darse co-rrixido os erros detectados antes de que a equidade e a inclusión se constituían en prioridades da política educativa e outras políticas transversais, condicións necesarias para construír unha sociedade mellor, cohesionada e sen exclusións.

■ O **19/11/2021** publícase no BOJA o **Decreto 253/2021**, de 16 de novembro, polo que se crea e regula o **Consello Andaluz do Pobo Xitano**, un órgano de interlocución entre as entidades que conforman o tecido asociativo xitano andaluz e as administracións públicas para o asesoramento, o intercambio de experiencias e as boas prácticas. A nosa asociación está neste Consello Andaluz. Deste xeito Andalucía súmase a outras comunidades autónomas que teñen o dito órgano: País Vasco (2003), Murcia (2004), Cataluña (2005), Castela-A Mancha (2013), Estremadura (2016), Cantabria (2017), Comunidade de Madrid (2017), Comunidade Valenciana (2019), Canarias (2021).

■ O **26/05/2022** o Pleno do Congreso dos deputados aproba por ampla maioría unha **reforma do Código Penal** para castigar o antixitanismo, un delito de odio específico que poderá levar consigo penas de cárcere de entre un e catro anos. A iniciativa saíu adiante co apoio de todos os grupos parlamentarios, agás VOX que se abstivo.

■ O **13/07/2022** publícase no BOE a **Lei 15/2022**, de 12 de xullo de 2022, **integral para a igualdade de trato e a non discriminación**. Por primeira vez unha lei atende de maneira particular a formas históricas de discriminación como o antixitanismo.

■ O **20/10/2022** publícase no BOE a **Lei 20/2022**, de 19 de outubro, de **Memoria Democrática**. Dentro dos obxectos que contén a dita lei, recóllese a restitución da memoria do Pobo Xitano represaliado polo franquismo, tendo mención no **“Preámbulo IV”** e na **“Disposición adicional duodécima. Comisión de traballo sobre a Memoria e a Reconciliación co Pobo Xitano en España”**.

Este confortable mundo das palabras feitas leis, recomendacións e boas intencións lexislativas, de pouco servirán se non deixamos os nosos prexuízos e pensamos en positivo sobre os nosos concidadáns xitanos, para que exista a esperanza do respecto á súa cultura e ao resto das culturas que conviven e conforman a sociedade española.

“O máis terrible dos sentimentos é o sentimento de ter a esperanza perdida”, dicía o poeta Federico García Lorca, tan próximo ao mundo xitano, tan defensor dos perseguidos, dos marxinaos, dos diferentes... E guiados pola mirada limpa do inmenso poeta, e xitano, José Heredia Maya, non perdemos nunca *“ese doce mirar da esperanza”*. Esa esperanza por un mundo máis xusto, igualitario e respectuoso coas diversidades.



Celebración 8 de abril de 2022 en Madrid